


Cuadernos ATENEO FERROLAN

ANO 8


NUM. 6

1989



A IGREXA ROMANICA DE SAN MARTIÑO DE XUVIA

M.^a José López Pérez



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para la cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

INDICE

- PRESENTACIÓN	_____	páx. 3
- NOTAS DE AUTOR	_____	páx. 5
I - INTRODUCCIÓN HISTÓRICA	_____	páx. 7
II - ARQUITECTURA	_____	páx. 21
III - ESCULTURA	_____	páx. 33
IV - CONCLUSIONES	_____	páx. 53
V - PLANOS	_____	páx. 55
VI - FIGURAS	_____	páx. 61
VII - ABREVIATURAS	_____	páx. 73

El libro de comercio
Fundado en
Buenos Aires, 1902

INDEX

páx. 4	RECONSTRUCCIÓN
páx. 6	PLAN DE ABRIL
páx. 12	INTRODUCCIÓN HISTÓRICA
páx. 18	ARQUITECTURA
páx. 22	ESCULTURA
páx. 28	CONCLUSIONES
páx. 32	PLANOS
páx. 42	FIGURAS
páx. 48	ARQUITECTURA



Ateneo Ferrolán
El lugar de encuentro para todos
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202, 204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

Portada: **VICTOR G. GARABANA**
Versión Galega: **XOSE C. MEIZOSO LOPEZ**
Fotos: **VIDEOPRODUCCION IRIS, S.L.**
Imprime: **LOPEZ TORRE**
Telf. 430057 - PONTEDEUME
I.S.B.N.: **84-404-0557-X**
Dep. Legal: **C-818/87**

PRESENTACION

Un novo Caderno sae á luz froito da colaboración entre Caixa Galicia e o Ateneo Ferrolán. Faino co traballo de licenciatura dunha xove universitaria galega verbo dun dos máis coñecidos monumentos históricos existentes na ría : o de San Martiño de Xuvia, xoia románica con vellas e resoantes enxebrezas cluniacenses das que a historia ten presidido dez séculos da comarca.

Para Caixa Galicia constitúe unha profunda satisfacción patrocinar esta iniciativa que condensa nun so traballo o esforzo e a aportación de tres núcleos da sociedade galega : unha asociación privada e de carácter social, como é o Ateneo, viveiro de inquedanzas artísticas e culturais; a Universidade ó través dunha das súas sementes; e Caixa Galicia, como entidade financeira comprometida coa cultura da nosa Comunidade.

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol

A obra que Vostede ten nas súas mans é o resultado desta tripla aportación. Ó través dela poderá achegarse á beleza arquitectónica dun estilo profundamente arraigado na nosa xeografía, (e que no San Martiño ten un valiosísimo expoñente), e á Historia agachada entre os seus muros e as súas ábsides.

José Luis Amor Fernández
PRESIDENTE DA CAIXA GALICIA

MEMORANDUM

Un novo caderno de traballo de investigación sobre Galicia
e a súa historia. Este traballo de investigación debe ser realizado
por un equipo de investigadores que se encarguen de
recoller e analizar os datos necesarios para a
elaboración do caderno de traballo.

Este traballo de investigación debe ser realizado
por un equipo de investigadores que se encarguen de
recoller e analizar os datos necesarios para a
elaboración do caderno de traballo.



Atenco Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.atencoferrolan.org

Este traballo de investigación debe ser realizado
por un equipo de investigadores que se encarguen de
recoller e analizar os datos necesarios para a
elaboración do caderno de traballo.

SECRETARÍA DA CAIXA GALICIA

ANEXO A ESTE DOCUMENTO
SE ENCONTROU O CADERNO DE
TRABALLO DE INVESTIGACIÓN
Sobre Galicia e a súa historia

NOTAS DO AUTOR

As páxinas que hoxe ven a luz son froito da miña memoria de licenciatura, dirixida por D. Serafín Moralejo Alvarez, catedrático de Historia da Arte Antiga e Medieval da Universidade de Santiago e que foi presentada no ano 1986 na Facultade de Xeografía e Historia. Aproveito esta ocasión para lle expresa-lo meu sincero agradecemento pola súa benevolencia e axuda ó me guiar neste o meu primeiro intento na ámbito da pescuda e investigación.

Dende entón seguí a traballar no tema, mais á hora da publicación preferín modifica-lo menos posible o texto orixinal, e de feito engadí soamente o relativo ó sepulcro gótico, non tratado na tesina.

Quero expresarlle un especial agradecemento ó párroco de San Martiño, D. Arsenio Torrado Souto, quen sempre me deu tódalas facilidades para visita-la igrexa e permanecer nela tanto tempo como precisei. A súa cordial acollida sempre era e é un alento para ampliar coñecementos.

Non esquezo a D. Manuel López Bouza quen me cedeu, só con pedirllos, uns planos particulares do Mosteiro (planos da ubicación e da organización das dependencias monacais).

No mesmo sentido estou en débeda co Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, e en concreto coa Sección do Patrimonio Artístico, que me permitiron a utilización da pranta e alzado da igrexa de Xuvia, realizados por D. Carlos Fernández Gago.

Tamén quero aproveitar esta ocasión para lles da-las gracias a todas aquelas persoas que dun xeito ou outro me prestaron a súa colaboración. Fago extensivo o meu agradecemento ó Ateneo Ferrolán e, particularmente, á actual Xunta Directiva e ó seu Presidente, o historiador D. Guillermo Llorca Freire quen, dende o primeiro momento acolleron con interés o meu traballo de investigación para publicalo na colección "Cuadernos do Ateneo", publicación que non sería posible sen o xeneroso e estimable patrocinio da Caixa Galicia, á que fago extensivas estas letras de agradecemento, e ó seu Presidente, José Luis Amor Fernández polas súas cálidas palabras de presentación.

A fermosa portada do artista Víctor Gómez Garabana e a coidada e laboriosa traducción de Xosé Meizoso López merecen tamén ser salientadas nestas liñas de recoñecemento.

A última lembranza é para os meus pais, sen o seu esforzo endexa-mais poderíame eu adicar a coñece-la apaixonante vida do mundo da arte.

A eles adico este meu primeiro intento.

Adicado ós meus pais



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

I. INTRODUCCION HISTORICA

A igrexa románica de San Martiño de Xuvia atópase situada "in valle Trasanquos", a uns 6 quilómetros da veciña cidade de Ferrol, preto da desembocadura do río do mesmo nome, no término municipal de Narón.

No documento máis antigo da súa colección diplomática, recopilada e estudada por Montero Díaz, lese a advocación "Invictíssimo almo atque Pannonie nato Olimpo in regno Martino nempe vocato cuius basilica siccta est in valle Trasanquos fluminis Iuvie ripa notato iuvante deo de semper olim sacrato (1). Para el autor citado, dicho documento, datado no ano 977, é proba irrefutable de que a adicación a San Martiño se refería ó Dumiense (2), opción coa que non coinciden a maioría dos estudiosos que discutiron a historia do mosteiro (3). Montero Diaz atribúe a un folleto de Saralegui e Medina o erro no que, segundo el, caerían tódolos autores que identificaron na advocación de Xuvia a San Martiño de Tours (4).

Desta duplicidade ou ambigüidade de opcións xa semella facerse eco o Padre Flórez ó salienta-la coincidencia de nomes, lugar de nacemento e santidade de un e de outro Martiño. En tan singular fato de concordancias poden achar por igual fundamento as dispares opinións que se mantiveron ó respecto.(5).

Independentemente de cal fose a advocación orixinal, a postura máis prudente podería encontrarse nun consenso explicativo que englobase a ámbolos dous santos. É posible que a desaparidade de opinións veña xa de vello e non se pode rexeitar que un e outro santo findaran confundíndose, dado o pulo que ámbolos dous acadaron en Galicia. O Dumiense, predicando a devoción ó santo de Tours, acabaría el mesmo asociadoó seu culto.

Disque é certo que ámbolos santos eran naturais de Panonia, aínda que houbo dúbidas sobre de tal orixe para o Dumiense (6). Este chega en peregrinación dende terras orientais para visita-lo sepulcro de San Martiño de Tours e cristianizar ós suevos. Pódese dicir que ámbolos santos entran xuntos

en Galicia; o Dumiense, en persoa como apóstolo, e o de Tours, xa como santo.

Non menos polémico é a orixe do topónimo "Xuvia" sobre do que existen diversas teorías. O Padre Colmenero, que foi prior do mosteiro de San Martiño de Xuvia, inclínase por explica-lo nome do lugar e mosteiro a partir do do río. A partir do Padre Sarmiento, "Xuvia" sería orixinariamente o nome dun monte que logo deu lugar ó do río, ría, pobo e mosteiro (7). Varios autores tomaron nota da opinión do Padre Colmenero, entre eles Saralegui e Chao Espina, máis ningún semella estar de acordo con ela (8). Outros, como A. Souto Vizoso, fan caso omiso da orixe do topónimo e só mencionan as outras denominacións coas que o citado mosteiro é coñecido (9). Outro tanto fixeron Villaamil, Carré Aldao e Sá Bravo (10) apoiándose sempre no Padre Yepes (11).

Algúns estudiosos parecen inclinarse por unha explicación de tipo mitolóxico relacionando a orixe do topónimo co Deus Xúpiter. Velaí o caso de Saralegui (12) e de Chao Espina, quen escribe : "El valle de Jubia tiene dengue de aboléngo helénico en sus cuatro leguas de largo y en su toponomía que recuerda el Júpiter tonante de la mitología clásica" (13).

Fronte a estas hipóteses, Carré Aldao sostén que de ningún xeito "Xuvia" pode proceder do nome do citado deus, senón de "xouba" (sardiña pequena ou parrocha), da que sinala en grande abundancia nas costas galegas (14).

A grafía do topónimo presenta amais variantes que enguedellan a súa explicación, como non sexa para os casos de lecturas evidentemente erradas. No estudio de M. Robert sobre das actas dos capítulos xerais de Cluny, menciónase o lugar como "Jubia", "Jugna", "Junia", "Juvia", "Lunia", "Turjac" e "Via" (15). O Padre Yepes recolle a forma "loyva", así como as denominacións de San Martiño de Nebda e San Martiño de Tartaris (16).

As orixes de San Martiño de Xuvia son difíciles de precisar e non o son menos os aspectos relativos á súa fundación como mosteiro. Antes e despois da tese doutoral de Montero Dfaz, emitíronse as opinións máis dispares. Este autor supón que dende a época sueva ou visigoda puido existir un pequeno santuario adicado ó San Martiño, que se transformaría logo no mosteiro do que agora nos ocupamos (17). Tampouco está claro este momento, pois documentalmente non podemos ir moito máis aló do ano 977, data da primeira testemuña conservada da súa colección diplomática. A mención do lugar como "olim sacratu" invita a facer remontar a súa fundación a tempos anteriores.

Souto Vizoso asegura que a construción deste mosteiro tivo lugar no ano 789, no reinado de Bermudo I "O Diácono". Posteriormente reconstruírase e ampliárase baixo do reinado e mecenazgo de Ramiro I, quen o elevaría á categoría de Abadía e á condición de "Prelatura Nullius", en beneficio do seu parente o bispo e abade de Lamego, Arximiro (18).

Outros autores fan coincidi-la fundación de San Martiño de Xuvia coa de San Salvador de Lourenzá, cara o 969-970, atribuíndoa igualmente ó Conde Osorio Guitérrez. Tal que así é a opinión dos Padres Flórez e Yepes segunda, entre outros, por Chamoso Lamas (19).

A maioría dos estudiosos optaron por unha data intermedia, facendo coincidi-la fundación co reinado de Ramiro I. Este é o parecer de Argaiz, de Frei Felipe Colmenero e de Saralegui (20), ratificado por Montero Díaz, quen sinala que "podemos fixa-la data de fundación da Abadía nos comezos do reinado de Ramiro I, e con posterioridade dende logo ó 830, é dicir, no anterior de ningunha maneira a este reinado, pois, no 830, ou sexa, dezaseis anos antes de comezar a reinar Ramiro I, desiguaba o abade Tructino algunhas igrexas pertencentes á sé iriense, todas elas confinantes ó mosteiro de San Martiño, nomeando mesmo a San Sadurniño "iuxta flumen Iuvia" sen incluír a San Martiño (21).

San Martiño de Xuvia, fúndase como mosteiro dúplice (22) laical ou patrimonial, propiedade particular dos condes de Traba ou Trastámara. Dos seus herdeiros proceden, en efecto, as doazóns máis cuantiosas, coas que acadou a fins do século XI un forte poderío. Entre as cartas de doazón hai que salienta-la xa mencionada do ano 977 (23), na que Visclavara Vistrarit cedía as vilas de Ardán, as terras comprendidas entre o Xuvia e o Neda, a vila de Xuvia e a igrexa de San Xurxo de Moeche. Do ano 1044 é a doutra Visclavara Vistrarit, que Montero Díaz pon en relación coa anterior, facendo doazón da igrexa de Santa María de Sillobre (24). Outras doazóns importantes tiveron lugar nos anos 1086, 1087, 1095 e 1096 (25).

Por estes anos finais do século XI deben de prepararse a incorporación de San Martiño de Xuvia á Abadía de Cluny. A primeira nova que se ten ó respecto remonta á visita que o camerario cluniense Dalmaelo realizou a España entre 1090 e 1094 (26), na que se cita a Xuvia xunto cos mosteiros de San Salvador de Budlño, San Vicente de Pombeiro, San Salvador de Villaverde, Valverde e Villafranca del Bierzo (27). Na Bula que Pascual II dirixe ó abade de Cluny, Hugo, no 1100, reforzando as prerrogativas concedidas por Gregorio

VII e Urbano II, volve a aparece-lo seu nome, máis xa como único mosteiro de Galicia vencellado á dita orde (28).

A maioría dos autores apuntan o ano de 1121 como data de incorporación, recollendo, pode ser, a opinión do Padre Yepes quen sinala que "pola era de 1159 o conde Pedro Froilán uniu o convento de San Martiño de Joyva a aquela grande abadía de Francia de San Pedro de Cluny co gusto da raíña Dona Urraca, filla de Alfonso VI, a cal, incitando ó seu pai quixo dalgúns dos nosos mosteiros de aquí de España estivesen dependentes daquel de Francia" (29). Esta data está baseada nun documento da súa colección diplomática, na que se ben se nos presenta San Martiño unido á citada abadía, non é menos certo que se alude a isto como indica a forma verbal "Tradidit" : "Petrus Froilat, cuius monasterio sancto Petro Cluniacensi tradidit cum consensu suis fratribus, Valibriense sedis Munio gratia dei epescopus" (30). Por outra banda, a fórmula que atopamos neste documento de 1121 "... in presentra prioris domini Stephani monasterii sancti Martini ... et in amoris sancti Petri Cluniacensi ..." xa o achamos no de 1120, e en termos similares prodúcense varios documentos anteriores (31). A xustificación das importantes doazóns que se fan no 1121 pode que se deban, como sinalou Montero Díaz, á visita do camerario cluniacense Esteban, quen se atopaba por estas datas en terras de Santiago (32).

Ch. J. Bishko demostrou que a adhesión de Xuvia a Cluny consumouse o 14 de Decembro de 1113 (33), de acordo cun documento non incluído na colección diplomática recopilada por Montero Díaz (34). Nel, o conde Pedro Froilaz de Galicia o seu irmá Rodrigo e as súas irmás Munia e Visclavara conceden ó mosteiro de Xuvia ó abade Ponce de Melgueil e os seus sucesores coa aprobación dos bispos Diego Xelmírez de Compostela e Munio de Mondoñedo.

Bishko manifiesta as súas dúbidas sobre do protagonismo do conde Pedro Froilaz en tal acto (35), pois, mentres que os outros codoantes fan importantes cesións ó mosteiro entre o 26 de decembro de 1113 e o 21 de agosto de 1114 (36), Pedro Frilaz non volve aparecer como patrocinador do mosteiro ata pouco antes da súa morte (doazón feita o 27 de febreiro de 1125) (37). Por outra banda, o mesmo autor sinala que hai boas razóns para pensar que a decisión do conde Pedro de adherir San Martiño a Cluny, houbo de ser súpeta (38).

Así o confirma o documento do 26 de decembro de 1113 (doce días despois da incorporación a Cluny), polo que a condesa Gontroda Rodríguez fai doazón dunhas herdanzas en territorio de Trasancos ó mosteiro de San Marti-

ño; nel, San Martiño segue a titularse como abadía, e non como priorato, tal como por de aquela lle correspondía. Este descoñecemento do réxime do mosteiro por parte da condesa e do abade Nuño - que confirma a carta -, poderíase explicar pola ausencia do conde Pedro e do seu irmán Rodrigo, que se atoparían, pode ser, en Santiago. Bishko apunta a posibilidade de que fose nesta cidade onde se asinara a carta de incorporación, dada a presenza nela, por estas datas, do bispo Bernardo de Toledo, de Munio de Mondoñedo e do propio Xelmírez (39).

As razóns que levarían a esta incorporación, estudadas por Bishko (40), poderían sintetizarse nunha : a complicada situación sucesoria creada á morte de Alfonso VI, entre a súa filla Urraca, casada en segundas nupcias con Alfonso I o Batallador, e os defensores dos dereitos do seu fillo Alfonso Raimúndez (41). O papel de Cluny nesta tirapuxa (liorta) foi decisivo para San Martiño. Se ben dende a morte de Alfonso VI, a abadía borgoñona tratara de esguella-la "batallador s characteristically Aragonese coolness " (42), cara ó 1113 a situación era tan intermable que mesmo o Papa chegou a condena-lo matrimonio co aragonés, restaurando a Alfonso Raimúndez como sucesor ó trono. Segundo sinala Bishko, a abadía non abandona entón claramente a causa de Urraca - con quen seguirá a manter relacións - senón que simplemente acepta ó seu fillo como sucesor, e aquí é onde retomámo-lo papel do Mosteiro de Xuvia. Este, que estivera adheridoá causa de Urraca dende 1108 (43), abandónaa entón e entra a formar parte da Orde de Cluny co beplácito de Diego Xelmírez ó que Bishko sinala como un dos líderes do partido raimundista, xunto co conde Pedro Froilaz.

Como marco destes acontecementos hai que indica-la controversía surxida no 1102 entre as sés mindoniense e compostelana, pola posesión dos arciprestados de Labacengos, Arros, Bezoucos, Seaya e Trasancos, ó último destes pertencía Xuvia (45). A querela tivo a súa orixe na pretensión de Xelmírez de restaura-los antigos límites irienses ata máis aló de Betanzos e Ferrol. Xa se tentara resolve-lo conflito no Concilio de Carrión de 1103, e máis tarde no de León de 1107. No intre, por unha bula de Pascual II dada en 1104, delegábanse os dereitos dos arciprestados no bispo de Burgos, Don García, e por outra do mesmo pontífice dada a 25 de agosto de 1105 en Letrán, ordenaba a Don Gonzalo, bispo de Mondoñedo, que devolverse a diócese de Santiago os arciprestados en litixio. Ó non acadarse un acordo, no Concilio de León de 1107 decretouse de que os retivese temporalmente o bispo de Ourense. A querela quedaría algún tempo en suspenso a raíz da morte de Alfonso VI, ata que, retomada en 1110, pareceu acadar unha solución definitiva coa acta de obediencia que os arciprestados citados dirixen a Xelmírez no dito ano (46).

Malia a solemnidade da decisión, posteriormente alternarían os recoñecementos da sé compostelana cos da mindoniense (47). O 28 de agosto de 1122 chegouse, ó fin, a unha concordancia entre Diego Xelmírez e Nuño Alonso, primeiro arcebispo Valibriense, pola que se decidía que os arciprestados de Trasancos, Labacengos e Arros mostrasen obediencia á sé de Mondoñedo, e o de Bezoucos e Seaya á de compostela (48).

Tanto Flórez como Saralegui relacionan esta concordia coa ocupación da sé mindoniense por Nuño, coengo tesoureiro da Catedral de Santiago, que estaba en moi boas relacións coa súa antega sé e co seu bispo (49). Tamén Xelmírez tivo algo que ver na supresión do réximen de cenobio dúplice que mantiña Xuvia dende a súa fundación. No 1103 o Papa Pascual II daba unha bula pola que prohibía a convivencia de ambos sexos (50); aínda que haberá que esperar ata o 23 de Xullo de 1118 para que o arcebispo compostelán execute o rescripto da dita Bula, dado o 21 de abril de 1118. A partir de aquí e ata 1512-1515, onde as monxas se trasladarán ó mosteiro de Antealtares en Santiago, viviron nun edificio próximo sito na horta do recinto monacal.

As doazóns dos condes de Traba continuaran ó longo de todo o século XII, fomentadas, as máis das veces, como sinala Montero Díaz, polas amiudadas incursións de normandos e sarracenos (52). Hai que salientala xa mencionada do 27 de Febreiro de 1125, de Don Pedro Froilaz (53); as do ano 1137 - unha do 12 de xullo, de Menendo Rodríguez e a carta de foro do 1 de outubro, do prior Esteban (54) -; e do 1 de decembro de 1152 (55). Nesta última a condesa Dona Sancha fai doazón duns servos para que traballasen "ad opera Sancti Martini", o que fai supor que por estas datas levaríanse a cabo reparacións ou agrandamentos na igrexa ou no mosteiro (56). De 1169 son dúas importantes doazóns feitas a raíz dos privilexios concedidos por Fernando II de León (57). O primeiro ratifica as antigas concesións e privilexios dados por Alfonso VII a San Martiño de Xuvia, e prohíbe a todos "Cabaleiros e prelados" que teñan por esposas ou concubinas as servidoras do mosteiro. O segundo confirma outros privilexios de Alfonso VII sobre do Coto de Xuvia (58), e permítenos establecer unha demarcación das súas posesións nesta centuria (59).

Sinala Montero Díaz que este ano de 1169 pode ser considerado como o do máximo apoxeo do mosteiro, xa que a partir de entón, sen que se amose unha declarada decadencia, as doazóns fanse menos cuantiosas e máis esquías (60). Nos últimos anos do século XII, sobresaie a concordia acadada en 1190 entre o prior Bartolomé e os clérigos e laicos de Trasancos (61), pola que

estes se comprometen a axudar nas obras de reconstrucción da igrexa co que poidese ó longo dun ano. En troques, obterían dez días de indulxencia concedidos polo bispo de Santiago e outros dez polo bispo mindoniense Rabinato. Este, para animar á rapidez nas obras, concedeu corenta días de indulxencias especiais ós que traballasen o día enteiro (62). Son tamén de grande interese as doazóns feitas nos dous derradeiros anos do século XIII (63).

No século XIII a historia de Xuvia está xunguida á xeral decadencia de Cluny e dos seus mosteiros. O priorato entra nunha baixeira da que xa non volverá a se recuperar (64). Á mala administración e desorganización engádense problemas internos no ámbito diocesano (65), e sobre de todo, o crecente auxe que adquire o Cister e, en particular o Mosteiro de Sobrado, xa dende mediados do século XII (66). Por iso, aínda que as doazóns, nos primeiros anos, continuaron a ser cuantiosas, as pertenzas dos monxes bernardos en terras de Trasancos fixéronse notar (67). O relaxamento e abandono maniféstase na apresada sucesión de priores nun curto espazo de tempo que, como apunta Montero Díaz, non é senón fiel reflexo do que ocorría en San Pedro de Cluny (68).

Para os séculos XIII - XIV - XV non temos testemuñas documentais publicadas. Por iso debemos recorrer ás actas dos capítulos xerais, nos que se reseñan as visitas dos camerarios cluniacenses á provincia de España (69). A primeira nova que temos destes visitantes franceses a Xuvia é do ano 1259. Faise entón referencia a un prior - non designado polo abade de Cluny - acusado de incontinencia e de acoller a un monxe homicida; por iso e pola súa mala xerencia no mosteiro ardenase a súa destitución (70). Nos anos seguintes - 1264, 1265, 1269, 1274 - non se fai mención algunha do mosteiro mais pola do ano 1276 sabemos que a situación empeorara (71). O século enteiro poderíase resumir nas palabras do visitador cluniacense do ano 1285 : "Domus Sancti Martini de Junia est in malo statu in temporalibus et spiritualibus " (72).

Na centuria seguinte, non fará senón agravarse a situación. As actas dos capítulos xerais ata 1335 fan sempre finacapé no malfado estado no que se atopaba o priorato. Neste ano e no seguinte existe un pequeno refolgo e os visitantes escriben no tocante a Xuvia nuns termos máis afagadeiros (74). Mais, no 1337, recomezan as desfeitas - incendio na fábrica do mosteiro (75)- que continuarán ata 1377, ano no que, por vez primeira no século, faise louvanza do prior Xoan Esquíó (76), o que se repetirá no 1392 con Alfonso Yáñez (77). Xa que así, a fins do XIV amósase unha recuperación na vida de San Martiño.

Neste mesmo século os aforamentos deberon de constituí-la principal fonte de ingresos do mosteiro, aínda que non faltan algunhas doazóns e compras; maila iso, como sinala Montero Díaz, só se coñecen 9 foros entre 1305 e 1397 (78), feito que pode servir para comproba-lo aqüilosamento no que se achaba, chegándose mesmo, por momentos, a unha case total ausencia de monxes (79).

Dende mediados do século XIV e ó longo do XV os Andrade exercerán o seu poderío temporal nas terras de Trasancos e, en concreto, sobre os bens de San Martiño. No 1399 o mosteiro renuncia á explotación directa de grande parte das súas propiedades no favor da dita casa, e no 1472, nunha carta de aforamento de 13 de xullo, léganlle-lo dereito de patronato e disfrute de case tódolos bens de San Martiño, en troco do pago dunha renda que non chegou a se realizar ata que se fixeron cargo dela os seus descendentes, os condes de Lemos (80).

O 5 de Xuño de 1518, por unha Bula de León X o priorato benedictino de Xuvia separáse de San Pedro de Cluny para se incorporar á congregación benedictina establecida en San Benito el Real de Valladolid quedando, deste xeito, vencellado ó mosteiro de San Salvador de Lourenzá (81), ó que pertenceu ata o 8 de marzo de 1836, no que se suprimiron os conventos e congregacións do clero regular en España (82).

A decadencia que se anticipaba no século XV ten o seu punto culminante o 7 de outubro de 1585, cando o Papa Gregorio XIII espide un Breve autorizando a Felipe II para " desmembrar, apartar, y vender toda clase de bienes temporales de las iglesias, monasterios y colegios, siempre que su valor excediera de cuarenta mil ducados anuales de renta (83). Con iso delapidábanse os escasos bens cos que xa daquela contaba o mosteiro.

Nos séculos XVII e XVIII a vida de San Martiño desenvólvese escura e mediocre.

A desamortización non supuxo para Xuvia máis que a certificación derradeira da súa decadencia.

- (1) S. Montero Díaz, Colección Diplomática de Jubia (977 - 1199), Santiago, 1935. doc. nº 1, pax. 57.
- (2) Montero Díaz, pax. 9.
- (3) L. Saralegui y Medina, San Martín de Jubia, Ferrol, 1898, nota 4, pax. 9 dinos:
 "... los que creyeron que este S. Martín era el Dumiense, erraron de todo; pues en lo antiguo no se dedicó tiempo alguno á Santo Confesor. Todos se dedicaban al Salvador, a María, a S. Miguel, al Bautista, a los Apóstoles y a los Mártires. Sólo se exceptuaba S. Martín Turonense de esta regla constante, a causa de su singular excelencia".
- (4) Montero Díaz, pax. 10.
- (5) Padre Flórez, España Sagrada, T. XV, pax. 112.
- (6) E. Chao Espina, "Bajo la sombra abacial de San Martín de Jubia", Spes, dec. 1945, nº 132, páx. 8, refírese ó Dumiense como "el panonio" e semella negar-lle tal atribución ó santo de Tours.
- (7) Padre Colmenero, Discurso Histórico sobre el origen y fundación de el antiquísimo Monasterio y Abadía (hoy priorato) de San Martín de Jubia, recollidos por Martínez Salazar e comentado posteriormente por Saralegui, baixo o título, "Discurso inédito de Padre Frai Felipe Colmenero, prior que fué del Monasterio de S. Martín de Jubia", (Correo Gallego, 1903, nota 2, páx. 12.
- (8) Saralegui, San Martín de Jubia, nota 1, páxs. 3 e 4, vencéllao a unha orixe mitolóxica relacionada có deus Xúpiter, opinión que recolle Chao Espina, ob. cit. páx. 7.
- (9) A. Souto Vizoso, Sinopsis monográfica del monasterio benedictino de San Martín de Jubia o del Couto, Pontedeume, 1981, e "Efemérides monacal de Jubia", Ferrol Diario, 1975. Engade a de "Couto" derivándoa da de concepción de "Coto Jurisdiccional".
- (10) J. Villaamil y Castro, Iglesias gallegas de la Edad Media, Madrid, 1904, páx. 22-24; Carré Aldao, Geografía general del Reino de Galicia, Barcelona, s/f, T. II. páx. 325 ; H. de Sá Bravo, El Monacato en Galicia, La Coruña 1972, T. II. páx. 318.
- (11) Frai F. Yepes, Crónica General de la Orden de San Benito, Madrid, 1959, T. II. páx. 358, "... las escrituras de esta casa tiene muchos nombres, es necesario apuntarlos para que los lectores no se equivoquen porque se llama San Martín de Jójva, San Martín de Nebda, San Martín de Tártaris; pero todo es un misma cosa y un mismo monasterio..."
- (12) Saralegui, San Martín de Jubia, nota 1, páxs. 3 e 4
- (13) Chao Espina, ob. cit., páx. 7
- (14) Carré Aldao, ob. cit., T. II, páx. 327

- (15) M. Robert, "Etat de monastères espagnols de l'ordre de Cluny", BRAH, T. XX, 1892, páxs. 321-431.
- (16) Yepes, ob. cit., T. II, páx. 358.
- (17) Montero Díaz, ob. cit., páx. 10.
- (18) Souto Vizoso, Sinopsis monográfica..., páx. 11
- (19) Flórez, ob. cit., T. XVIII, páxs. 61-62; Yepes, ob. cit., T. II, páx. 358; Carré Aldao ob. cit., T. II, páx. 325; M. Chamoso Lamas, "El conde Osorio Gutiérrez", CEG., 1968, T. XXIII, páx. 136 e seguintes.
- (20) Saralegui, San Martín de Jubia, páx. 6 e "Los benedictinos de Jubia", Ferrol, Correo Gallego, 1907, páx. 5.
- (21) Montero Díaz, ob. cit., páx. 11
- (22) Non tódolos autores están de acordo coa fundación de San Martiño de Xuvia con carácter dúplice. Este é o caso de Souto Vizoso, que o cree exclusivamente de monxas ata o ano 860, ano no que pasa a ser misto (Sinopsis monográfica ..., páxs. 13 e 14)
- (23) Montero Díaz, doc. nº 1, páxs. 57-58.
- (24) Montero Díaz, docs. nº IX, X, XIII, XIV e XV; páxs. 62, 63, 64, 65. Salienta especialmente a doazón Froila Bermúdez no 1086 calificada por Montero Díaz como unha das máis opulentas da historia do mosteiro. No longo preámbulo explícase que a causa foi a axuda recibida "in terra de sarracenos, de gente pagana que irrui super nos".
- (26) Deste monxe Dalmacio dannos noticias Flórez, Yepes, López Ferreiro, e a Historia Compostelana. Nesta última dísenos que que : "la primera vez que Dalmacio viene a España fue con motivo del litigio entre Galicia y Portugal, ya que Alfonso VI al morir sin herederos masculinos nombra a su yerno Ramón de Borgoña, casado con una de sus hijas, Urraca, como sucesor, lo que solivianta los ánimos de su primo don Enrique, casado con doña Jimena Núñez, su hija ilegítima. Era el año 1093. Aprovecha también para la consagrada visita a los monasterios de España dependientes de Cluny". (Libro I, cap. 5, páx. 33).
- (27) Flórez, ob. cit., T. XIX, páx. 209.
- (28) Villaamil, ob. cit., páx. 23
- (29) Yepes, ob. cit., T. II, páx. 358 e ss.

A adhesión de Alfonso VI a Cluny xa viña, pode ser, influenciada polo seu pai, D. Fernando I, quen "pagaba un canon anual destinado a la construcción de la iglesia de la abadía " e que despois el dobrará (J. Yarza Luaces, Arte y Arquitectura en España 500-1250, Cátedra, Madrid, 1981, páx. 173).

A organización monacal en Galicia e Norde de Portugal tivo un decisivo apoio da monarquía. Viámolo coa protección que Fernando I, Alfonso VI e a súa

filla dona Urraca dispensaron ós Cluniacenses, e verémolo coa que Alfonso VII dedicará a Orde do Císter. Á importancia da monarquía de mosteiros alude o portugués M. L. Real, "O Románico Condal en S. Pedro de Rates e as transformacións Benedictinas do séc. XII" Póvoa de Varzim, 1982, vol. XXI, nº 1.

(30) Montero Díaz, doc. nº XXVI páxs. 74-75.

(31) Montero Díaz, doc. nº XXV, páxs. 73-74.

Os documentos anteriores nos que se recolle o seu carácter de priorato son do 1 de xullo de 1114 (doc. nº XXI, páxs. 70-71), o do 11 de agosto de 1114 (doc. nº XXII, páxs. 71-72) o do 21 de agosto de 1114 (doc. nº XXIII, páxs. 72-73), o do 17 de xullo de 1116 (doc. nº XXIV páx. 73) e o do 26 de xaneiro de 1120 (doc. nº XXV, páxs. 73-74).

Poderíamos preguntarnos, por qué se San Martiño de Xuvia aparece mencionado como cluniacense no 1093 e 1110, non o fai do mesmo modo nos documentos nos que se segue aludindo os abades do mosteiro e non ós priores. A resposta pode estar nas palabras de Yepes, quen sinala que " en otros monasterios introducían el estilo, y modo de vivir y la reformación cluniacense; pero no se incorporaba en sí a tales casas sino que quedaban libres y sin dependencia de Cluny... y uno de los argumentos mayores que hay es que estos monasterios referidos nunca se llamaron prioratos sino abadías" (ob. cit., T. I, páx. 243 e ss.).

(32) Montero Díaz, ob. cit., páx. 19.

(33) Ch. J. Bishko, "The Cluniac priories of Galicia and Portugal. Their acquisition and Administration 1075 ca. 1230", Studia Monastica, VII, 1965, páxs. 319-324.

(34) Bishko, nota 46, páx. 320.

(35) Bishko, páx. 321.

(36) Montero Díaz, doc. nº XIX, páxs. 69-70 no que Gontroda Rodríguez, o 26 de decembro de 1113, doa unha herdade en terra de Trasancos; doc. nº XX, páx. 70, no que o presbítero Froila doa unha herdade que posúe en Serantes, o 5 de xaneiro de 1114; doc. nº XXI, páxs. 70 -71 no que, con data do 31 de xullo de 1114, Munia fai doazón ó mosteiro de varias herdades en Neda, Narón, Villaster, Perlío...; doc. nº XXII, páxs. 71-72 no que, a 11 de agosto de 1114, Visclavara Froile doa solariegos e herdades en Serantes e outras igrexas; doc. nº XXIII, páxs. 72-73, no que con data do 21 de agosto de 1114, Rodrigo Froile fai importantes doazóns de solariegos en terras de Trasancos, Bisquis e Cedeira.

Montero Díaz, ob. cit., páx. 16 califica este ano como o das grandes doazóns.

(37) Montero Díaz, doc. nº XXX, páxs. 76-77

- (38) Bishko, ob. cit., páx. 321
- (39) Bishko, nota 55, páx. 321
- (40) Bishko, páxs. 322-324.
- (41) Sobre da guerra que aconteceu a raíz da morte de Alfonso VI por problemas dinásticos véxase: "Historia Compostelana. Hechos de don Diego Gelmírez, primer arzobispo de Santiago", 1950 Santiago, libro I, caps. 46, 47, 48, 64, 80, 108 e 113, e libro II, cap. 73; López Ferreiro, Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago, Santiago, 1900, T. III, caps. XIII, XIV, XVII e T. IV, caps. I, II, IV e VI. A este respecto son interesantes os estudos de P. David, "Etudes historiques sur la Galice et le Portugal du VI au XIII siècle", Lisboa, Patronato de l Institut Français au Portugal, 1947; de G. Biggs, Diego Xelmírez, Edicións Xerais de Galicia, s. a.; de B. Reilly, The kingdom of Leon-Castilla under queen Urraca 1109-1126, 1982; de M. Cocheril, Etudes sur le manachisme en Espagne au Portugal, Paris, Societé d Editions "Les Belles Letres", 1966 e J. Mattoso, Le Monachisme Ibérique et Cluny, Louvain, 1968.
- (42) Bishko, ob. cit., páx. 323.
- (43) Historia Compostelana, libro I, cap. 46, páx. 102 e cap. 47, páx 103.
- (44) Bishko, ob. cit., páx. 323.
- (45) Historia Compostelana, libro I, caps. 34,35,36, páxs. 83-94; e libro II, cap. 56, páxs. 339-342; López Ferreiro, ob. cit., T. III, cap X, páxs. 249-275 e T. IV, cap. III, páxs. 55-76.
- (46) Historia Compostelana, libro I, cap. 35, páx. 88. A acta de obediencia dí así: "Yo, Nuño, abad del Monasterio de S. Martín que está situado en el territorio de Trasancos junto al río Jubia, prometo en favor de la diócesis de la iglesia compostelana, canónica subjección y omnimóda obediencia en Cristo a Don Diego II obispo de la iglesia del apóstol Santiago; de modo que con el sobredicho monasterio y con los hombres que le pertenecen le seré fiel y obediente por la diócesis de Santiago, desde ahora y para siempre, tanto a él como a sus sucesores que canónicamente fueron promovidos, lo mismo que yo que los que me sucedieron en el régimen de dicho monasterio. Esta profesión que he hecho yo, Nuño, abad. en la era. I.CX VIII (año 1110) a 7 de febrero".
- (47) Flórez, España Sagrada, T. XVIII, páx. 78.
- (48) Historia Compostelana, libro II, cap. 56, páx. 339.
- (49) Saralegui, San Martín de Xubia, páx. 8 e ss., alude a isto. Lembrémo-las relacións de Nuño con Santiago.
- (50) Historia Compostelana, libro I, caps. 11, 12 e 13, páxs. 41-45
- (51) Souto Vizoso, Sinopsis monográfica..., páxs. 13 e 14.
- (52) Montero Díaz, ob. cit., páx. 18, quen remitíndose a Historia Compostelana,

- T. I, cap. 103, páxs. 197-198, recolle como lugares frecuentes das súas incursións das costas galegas os de Prucios, Bisancos e Trasancos. Pode verse de Chao Espina, Los normandos en Galicia y otros temas medievales, La Coruña, 1977.
- (53) Montero Díaz, doc. nº XXX, páxs. 76-77.
- (54) Montero Díaz, doc. nº XXXIX, páxs. 80-81; doc. nº XL, páx. 82.
- (55) Montero Díaz, doc. nº LI, páx. 87.
- (56) Montero Díaz, ob. cit., páx. 21, recolle dita idea de Villaamil, ob. cit., páxs. 230 e ss.
- En relación ó traballo servil, Lampérez y Romea sinala que, se ven dende o século XII se dá un cambio nos costumes da construción, cun aumento dos obreiros libres, aquel seguía a existir (Historia de la arquitectura cristiana española, Madrid, 1109, T. I, páx. 43).
- (57) Montero Díaz, doc. nº LXXXI, páxs. 98-99 e doc. nº LXXXII, páxs. 99-100. Estes documentos foron recollidos segundo nos informa o autor citado, páx. 25 por Hinojosa, Documentos para las instituciones de León y Castilla, Madrid, 1919, páx. 72 e Muñoz Romero, Colección de Fueros y cartas pueblas, Madrid, 1847, páxs. 164-165.
- (58) Saralegui, San Martín de Jubia, páx. 14, recolle o dito por López Ferreiro en Fueros municipales de Santiago y su tierra, Santiago, 1895, cap. XII sobre dos cotos, das igrexas e mosteiros: "... formaban un término cerrado mas o menos extenso ordinariamente alrededor de la iglesia o convento. Los moradores del coto eran exclusivamente considerados como vasallo, aunque libres o ingenuos del monasterio, el cual lo regía y administraba por medio de un juez y un mayordomo, designados por el Superior de la comunidad...". Souto Vizoso, Sinopsis monográfica..., páx. 20, sinala que Fernando II, o 23 de marzo de 1169, outorga ó mosteiro de San Martiño de Xuvia o privilexio de Coto Xurisdiccional, baseándose quizás en Saralegui, ob. cit., páxs. 14-17.
- (59) Souto Vizoso, Sinopsis monográfica..., páx. 20 sinala os territorios de Anca, Viladonelle, Xuvia e Narón, quedando dentro do seu entorno xurisdiccional todo o comprendido entre os ríos de Xuvia, Ponto, Pedregal, Seco, Freixeiro, Inxerto e Tronco.
- (60) Montero Díaz, ob. cit., páx. 25.
- (61) Montero Díaz, doc. nº CV, páx. 107.
- (62) Montero Díaz, doc. nº CVI, páx. 108.
- (63) Montero Díaz, doc. nº CXX-CXXX, páxs. 113-117. O ano de 1199 é tamén importante para Xuvia pola mención que dela se fai no testamento de Urraca (López Ferreiro, Colección diplomática de Galicia Histórica, Ano I-1901, páx. 86)

- (64) Montero Díaz, ob. cit., páxs. 30-31. Sintetiza as causas desta decadencia o esfolamento.
- (65) Véxase Villaamil, La catedral de Mondoñedo, 1865.
- (66) M. C. Pallares Méndez, El Monasterio de Sobrado : un ejemplo del protagonismo monástico en la Galicia medieval, A Coruña 1979.
- (67) Véxanse C. Vaamonde Lores, Ferrol y Puentedeume, La Coruña 1909, páxs. 36-37, onde recolle unha doazón de María Pérez a Sobrado no ano 1223 "in territorio Trasanquos subtus monte Pedroso discurrente ad Ecclesiam Sancti Salvatoris inter fluvius Riomaire et Juvia", e A. Martinez Salazar, Documentos gallegos de los siglos XIII y XIV, La Coruña 1901, páxs. 95-96.
- (68) Montero Díaz, ob. cit., páx. 31.
- (69) Robert, "Etat des monastères espagnols de l'ordre de Cluny", BRAH. T. XX, páxs. 321-431.
- (70) Robert, páx. 336.
- (71) Robert, páx. 336 : "Item prior Sti. Martini de Junia multa alienavit sine causa; civitatis fuit per visitatores, ad capitulum non venit, nec se excusavit. Item confessus est visitatoribus quod praesentationes ecclesiarum vendidit et ex eis pecuniam recepit; ipsum tamquam simoniacum et dilapidatorem deffinimus amovendum".
- (72) Robert, páx. 344.
- (73) Robert, páxs. 365 e ss.
- (74) Robert, páx. 376 recolle a acta do capítulo xeral do 1335, no que se le: "Domus de Sancto Martino de Junia spiritualibus est in bono statu, sed in temporalibus est in malo statu".
- (75) Robert, páx. 385
- (76) Robert, páx. 402. Tendo en conta a lista de priores que aporta Saralegui, San Martín de Jubia, páxs. 22-23, podemos deducir que se trata de Xoan Esquíó, pertencente a unha familia con poderosa influencia en San Martiño.
- (77) Robert, páx. 411.
- (78) Montero Díaz, ob. cit., páx. 34.
- (79) Robert, páx. 333. No 1291, 7; no 1377, 1 e o prior; no 1392, 4 e o prior; e no 1460, 6 relixiosos mailo prior.
- (80) Saralegui, San Martín de Jubia, páxs. 19-20
- (81) Saralegui, San Martín de Jubia, páx. 20, abonda no feito de que é a primeira vez que ocorre desmentindo as opinións de que a facía unida a tal abadía en tempos anteriores; este é o caso de Villaamil, ob. cit., páx. 24.
- (82) Saralegui, páx. 22
- (83) Saralegui, páx. 20.

II. ARQUITECTURA

A planta da igrexa románica de San Martiño de Xuvia é de tipo basilical, de tres naves, sen transepto saínte e tres ábsides semicirculares.

Trátase dunha tipoloxía moi frecuente no Románico hispano e, en menor medida, no galego (1). Pita Andrade sinalou o seu vencellamento ó Primeiro Románico Catalán (2), e o seu enlace para Galicia podería buscarse en San Martiño de Mondoñedo. A mesma fórmula aclimatouse e desenvolveuse, porén, no Románico vencellado ó Camiño de Santiago - Jaca, Frómista e León - e cara ó 1080, rexistróuse en San Pedro de Arlanza, no ámbito da arquitectura monacal de inspiración francesa.

As igrexas de Xunqueira de Ambía, Santa Mariña de Augas Santas, Santa María de Mezonzo, San Vicente de Pombeiro, San Xiao de Moraime, Xunqueira de Espadañedo e Acibeiro, son algunhas das mostras desta tipoloxía no Románico galego (3).

A planta da igrexa de Xuvia foi posta en relación coa de Santa María de Sar, en Santiago de Compostela (4). Evidentemente, responden ámbalas dúas a un tipo, pero mesmo podería dicirse das citadas anteriormente ou doutras, como San Pedro de Rates, en Portugal (5). Máis correcto sería recoñecerlle a Xuvia un vencello xeral - estilístico co foco compostelán, á marxe da adopción dun tipo de planta, máis espallado, que tivo representación tamén en Compostela noutras igrexas, como a desaparecida de San Pedro de Fora (6).

A planta das ábsides de San Martiño de Xuvia segue a una fórmula amiudada no Románico galego, consistente nun hemiciclo e tramo recto no central e só hemiciclo nas laterais.

As naves atópanse afastadas por pilares de núcleo cadrangular con columnas entregas nos seus frontes, dando lugar a cinco tramos (fig. 10). Como responsións columnas entregas, coincidindo con cadanseu tramo, nos muros norde, sul e oeste, agás unha deste muro occidental, que non garda aliñamento co pilar correspondente (fig. 9).

Canto ás súas proporcións, a igrexa de Xuvia acada 18,80 mts. de longo e 11,30 mts. de ancho, divididos entre os 5 mts. da nave central e os 3,20 mts. e 3,10 mts. das laterais. A lonxitude dos tramos é variable - entre 2,85 mts. e 3,85 mts.-, o mesmo que a anchura dos pilares - entre 93 cm. e 1,02 mts.-.

O hemiciclo da ábside central ten un desenvolvemento interior de 6,9 mts., cun diámetro duns 5 mts.; o seu tramo recto ten un ancho de 3,75 mts.. A anchura dos muros podémola definir seguindo a I. G. Bango Torviso, como de tipo medio : 1 m. nos muros laterais e 1,75 mts. no occidental (7).

No alzado interior o pano das ábsides áchase dividido en dúas partes : a inferior lisa, e a superior furada por tres fiestras na central e unha nas laterais. Unha imposta corrida de tacos decora a parte central da línea de intersección. O hemiciclo cóbrese con bóveda de forno e o tramo recto con bóveda de cañón. A separación entre unha e outra faise por medio dun arco faisón que descansa no pilar adosado ó muro (fig. 11).

A capela maior encóntrase elevada sobre a nave, con 3 escalóns de acceso, e o seu arco de triunfo, ó igual que os das ábsides laterais axústase ó tipo que Bango Torviso define como "fajón con columnas" (8). Trátase dun arco de medio punto que da a impresión de ser dobrado ó ir acompañado do faisón da bóveda, que descansa sobre columnas entregas. Nos laterais, arco de medio punto no da Epístola e lixeira tendencia á ferradura no do Evanxelio. Bango Torviso alude ó feito de en moitas descripcións de monumentos románicos galegos faise referencia a arcos de ferradura a zona de acceso ás ábsides, cando en realidade non se trata máis que de arcos dos que as doelas perderon o equilibrio arquitectónico abríndose, e ó estaren moi peraltadas dan a sensación de ferradura (9).

Ateneo ferr

As fiestras das ábsides constan dun arco de medio punto dobrado apeado nun par de columnas, cos seus cimacios e capiteis, de fustes monolíticos adosados e basas entregas. É o tipo de fiestra que Pita Andrade califica como "primitiva" pola ausencia de rosca con bocel (10); é dicir, limitada a súa garnición a un arco liso e sen abucinamento. Do mesmo tipo son as fiestras abertas na que a parte superior dos arcos de triunfo laterais aínda que neste caso, con abucinamento interno.

Das columnas entregas adosadas ós pilares das naves, dúas recollen as presións dos arcos forneiros semicirculares, peraltados e dobrados, e as outras dúas teñen hoxe unha simple función decorativa, aínda que pode ser que estivesen pensadas, na orixe, para recibir as tensións dun sistema bovedado - cos seus respectivos arcos faixóns - que non chegou a se realizar (11).

Estes pilares cuadrangulares, de "tipo compostelán", simplificado (12), arrincan directamente do pavimento, contrariamente ó que ocorre na catedral compostelana. Isto pódese deber a que aquel fose realzado. Mais non ocorre así

con tódalas columnas entregas dos pilares, xa que algunhas das súas basas o fan nunha especie de plinto de variada altura, mentres outras apoian directamente no pavimento. Souto Vizoso é dado a pensar que se afundiron (13); opinión non moi aqueloutrada, se temos en conta que o edificio se atopa sobre terreos moi brandos, e de feito, a súa repercusión podémola comprobar no muro occidental. De tódalas formas non se trata dun caso excepcional xa que se da noutras igrexas galegas.

A influencia compostelá non a observamos só nos pilares e fiestras, senón tamén nas basas das columnas : de tipo ático, con dous touros- un maior có outro - e unha escocia (14). O máis salientable é a súa decoración que será estudiada posteriormente.

Falouse xa dun posible abovedamento da igrexa de San Martiño, índa que non parece que orixinariamente se levase a cabo, sobre de todo se temos en conta os raros exemplos de abovedamento completo que se dan entre as igrexas galegas deste tipo. O caso máis rechamativo é o de Santa María de Sar (15), mais o resultado semella falar por si só das dificultades que entrañaba tal solución. Ante isto son dada a creer que nun principio houbo a intención de aboveda-lo edificio, mais logo, no curso das obras debeuse abandonar.

No 1927 retiráronse as traves que había sobre das columnas e simulouse en xeso e barroto unha bóveda de cañón nos laterais. Pouco durou este arremedo d abovedamento pois ó se facer cargo do edificio a Dirección Xeral de Belas Artes (13 de agosto de 1976), por medio da Comisaria do Patrimonio Artístico Nacional, ergueu toda a cuberta do templo para recubrirla de novo con madeira (16). A teitumbre orixinaria - e tamén a actual - sería a dúas augas, con cuberta común para as tres naves, solución típicamente compostelá.

O muro setentrional é o que presenta maiores complicacións. No primeiro tramo obsérvanse modificacións na parte baixa e media do muro, correspondentes ó momento no que se atopaba alí adosada unha antiga sacristía monacal que foi derrubada, segundo Souto Vizoso, no 1635 (17), e que ten a súa correspondencia nun arco en la parte exterior. Na parte superior neste primeiro tramo e nos dous seguintes abréñse tres fiestras moi sinxelas cun amplo derrame interno e totalmente ausentes de decoración. A última diferenciáse das dúas anteriores por acharse a maior altura e polo seu abucinamento. O cuarto tramo non pode ser estudiado por atoparse agachado traas un retablo barroco (18). No quinto e derradeiro tramo apreciáanse grandes modificacións no muro, dando a impresión que alí houbo unha abertura que foi tapiada. E posible que alí estivera

a capela de San Miguel Arcanxo, dotada por Don Gonzalo Esquío e Doña Marina Pérez de Traba no 1340 (19). Neste quinto tramo habería unha porta de comunicación, da que aínda hoxe se conservan incrustados no muro uns remaches de ferro. Na parte inferior, as dúas primeiras fiadas de sillares non foron modificadas, polo que se supón que o acceso se faría ó través dunhas escaleiras de madeira.

Na parte superior deste muro norte quedan trazas da bóveda colocada no 1927, apreciables gracias ó inicio da reconstrucción que se levou a cabo entre o 13 de agosto de 1976, ano no que pasou a ser patrimonio artístico, e o 28 de febreiro de 1978, ó deixar ó descuberto parte da sillería granítica desta parte alta do templo.

No muro meridional ábrense dúas portas. A primeira, a máis próxima á ábside da acceso á sacristía e está formada por un arco apuntado que parte do pavimento. Non pertence á fábrica orixinaria xa que se observan retoques nas doelas e sillares acaroados. É posible que esta extraña porta remonte ás reformas subsiguientes ó derrubamento, no 1910, da capela de San Miguel, da que algúns elementos foron reutilizados noutras partes da igrexa.

A segunda porta, aberta no terceiro tramo, e que dá ó claustro, está formada por un arco de descarga de medio punto e un dintel. Sobre dela atópase unha pequena tribuna lateral.

Nos dous últimos tramos áchanse dúas fiestras de tipo primitivo semellantes á do terceiro tramo do muro norte. Hoxe están choídas con pedra.

O interior do paramento occidental aparece organizado en tres tramos; o central corresponde á porta, e os laterais a dous vans na parte superior do muro, que o mesmo que os da banda sur, están pechados. Son fiestras simples, con arco de medio punto dobrado e columnas acodilladas nas xambas con fustes adosados e basas entregas. Nesta parte alta aprécianse modificacións nas fiadas dos sillares ocasionadas no 1927 cando foi modificada a fachada. A zona inferior dereita encóntrase ocupada polo baptisterio mentres que a esquerda queda libre. Nesta apréciase o grande abombamento do muro, que se continúa nunha parte do paramento norte. A razón podería ser de tipo físico, ó se encontrar San Martiño nun terreo brando que provocaría afundimentos. Entregos a esta banda de muro encóntrase dous extraños elementos : unha columna que non leva capitel e unha ménsula da que o astrágalo chega á mesma altura na que remata aquela. Estudando a planta da igrexa de Xuvia xa viramos que a responsión non gardaba aliñamento coa columna do pilar correspondente e, polo tanto, non é a encargada de recolle-

la presión do arco primeiro. Esta función realízaa a ménsula (fig. 9). Ante isto penso que o que ocorreu foi un arrepentemento no acabado do soporte. En San Martiño de Mondoñedo hai tamén responsións que quedan sen uso.

Na parte central do muro ábrese a porta principal, á que se accede a traves de seis escaleiras, xa que o edificio se encontra hoxe a 2,26 mts. por debaixo do nivel do adro (20). Sobre dela aparece unha balconada correspondendo a antiga tribuna, que antes da reforma se encontraba máis adiantada impedindo ve-lo beiril con modillóns que corre por debaixo.

Saíndo ó exterior, a portada de San Martiño de Xuvia é de feitura sinxela, composta únicamente de dúas arquivoltas determinadas por baquetóns - non excesivamente grosos- e as súas respectivas escocias. Arrincan ámbolos dous do chan e continúanse, sen interrupción, por toda a rosca. O conxunto péchase por unha ampla chambrana que chega á altura do arrinque do arco da porta, que carece de impostas. A chambrana decórase con dous motivos caracterizados por un reafundido superficial no muro : no interior, unha rengleira de cadrados e no exterior de semicírculos (fig. 8).

Pita Andrade calificóuna como "puerta de rasgos deshusados" pola organización das súas roscas con bocel a se prolongar, sen solución de continuidade, ata se converter en xambas (21); e certamente débeo ser, pois en ningún templo coñecido se encontra tal característica.

Penso que a súa orixinalidade pode explicarse recorrendo ó afán de austeridade cirterciense, que levaría ós canteiros a suprimir impostas e canzo- rros. A portada queda hoxe enmarcada, en parte, polo pórtico construído no século XVIII (22) (fig. 1).

O exterior do muro norte parece confirma-lo para o seu interior (fig. 2). A simple vista apreciáse que todo el sufriu alteracións. Canto á disposición das fiadas, constátase que non existe unha línea de continuidade entre o anterior e o posterior ó segundo contraforte. Os sillares máis próximos á cabeceira posúen unha estereotomía perfecta e regular, cun predominio das sogas sobre dos tizóns, mentres que os posteriores ó segundo tramo teñen unha disposición máis irregular.

Non hai acordo sobre da existencia ou non de restos da edificación prerrománica. Aqueles que din que sí, apóianse precisamente nas irregularidades

do muro que suxiren distintos momentos constructivos ou unha posterior intervención. Este é o caso de Arturo Souto Vizoso, quen afirma que as incrustacións que hoxe vemos no terceiro e cuarto tramo da igrexa de San Martiño pertenceron á antiga edificación de Santa María das Neves (23). Esta posuiría unha orientación Lester-Solpor; é dicir, máis ou menos perpendicular á igrexa de San Martiño, cunha orientación Surleste-Norsolpor (24). Ámbolos dous edificios puideron estar adosados por unha das súas bandas : o prerrománico pola súa banda do solpor tocaría coa parte central da igrexa de San Martiño. Daquel procederían tamén as dúas doelas que forman parte dun arco e os sillares que as arrodean, que serían incrustados no 1635, ó ser derrubada a igrexa de Santa María por acharse en estado ruinoso (25). Así, entre 1340 e 1635 encontraríanse adosadas tres edificacións ó muro norte da igrexa de San Martiño : a sacristía monacal (no primeiro tramo), a igrexa de Santa María das Neves (no terceiro e cuarto tramo) e a capela de San Miguel (no quinto tramo).

De grande orixinalidade é a fiestra que se corresponde co terceiro tramo, sen relación algunha coas dos tramos anteriores. Trátase dun van de tosca factura, con tendencia ó rectángulo, que enmarca outro de medio punto, garnido con catro arquiños de medio punto en relevo. O mesmo tipo de arquiños encontrámola en Santa María de Cambre (26), nunha das fiestras da fachada, agás que nesta a feitura é máis coidada. As hipóteses para explica-la fiestra de Xuvia poderían ser dúas : que unha vez deteriorada por algunha causa se renunciase á arquivolta sustituíndoa pola forma cadrada, ou ben que todo o muro fose dobrado. A máis verosímil semella se-la primeira, sobre de todo se nos fixamos no posible arrinque do arco.

Sexa cal sexa a opinión máis acertada, o certo é que o único que podemos constatar son unha serie de intervencións neste muro norte (relacionadas quizais con edificación monacais) e unha serie de campañas constructivas que as explicarían. Non é posible extraer conclusións máis concretas sobre do alcance e significación das modificacións sinaladas, pois o cuarto tramo - no que Souto Vizoso ubica a igrexa de Santa María - atópase agachado no interior por un retábulo barroco.


No alzado exterior da cabeceira sobresa a maior altura da ábside central sobre das laterais (fig. 3), como é norma nas igrexas galegas de este tipo, agás a de San Estebo de Ribas do Sil, onde a altura das ábsides laterais é maior cá da central.

O lenzo da ábside central divídese horizontalmente en dous corpos,


o inferior liso e o superior furado con tres fiestras. Verticalmente distribúese en tres seccións afastadas por pilares na parte baixa e columnas - continuación daqueles - na alta. A cada sección correspóndelle un van. Nas ábsides laterais a distribución é máis simple : unha única fiestra no centro, sen ningún tipo de división nos muros.

Canto á decoración arquitectónica, sobresaen as das fiestras das ábsides. As laterais, de tipo simple, con rosca plana, levan só ornamentación nos cimacios, cortados en nacela, que se impostan no muro para apear a chambrana. Aqueles exórnanse con dúas ringleiras de pequenos billetes en damero.

Máis complexas son as fiestras da ábside central, de tipo completo da que os arcos molduran a súa arista en grosso bocel seguido da súa correspondente escocia que se atopa perfilada molmente por dúas líneas, dando lugar a outro pequeno bocel e á súa escocia. O conxunto enteiro péchase por unha chambrana plana decorada con tres filas de billetes que se prolongan ata os cimacios, en nacela, co mesmo motivo. Do mesmo tipo son as fiestras do muro septentrional próximas ás ábsides. Nas basas de San Martiño repítese o motivo dos tacos (columna entrega no muro norte) (fig. 12), ó que se lle engade o do zigue-zague (columna do primeiro pilar da banda da Epístola), o dos dentes de serra (columna do segundo pilar da banda da Epístola), o de casetóns (escocia dunha columna do primeiro pilar da banda da Epístola) e o das gadoupas, bolas ou cabezas (dúas columnas do primeiro pilar da banda da Epístola e outras entregas nos muros norte e sur). Como podemos ver, de tódalas basas da igrexa de San Martiño só levan decoración xeométrica as correspondentes ó primeiro e segundo tramo, mentres que no resto cínxense a unhas simples bolas.

Os signos lapidarios de San Martiño de Xuvia non teñen un grande valor en si mesmos pois redúcense na súa maioría a unhas cantas letras maiúsculas: A, E, D, M, S, B, entre as que domina esta última. Ó carón delas tamén atopamos algunhas outras sunguidas : MB, VE, VR, e signos algo máis complicados 

As marcas de cantería, aparte da información que podan nos dar sobre dun determinado grupo de canteiros permítenos sinalar-las diferentes etapas construtivas polas que atravesou o edificio. Se observámo-la súa distribución na igrexa de San Martiño notaremos que nas ábsides ás penas aparece algunha, agás na súa parte exterior. A súa maior abundancia dáse nos dous primeiros pilares de cada unha das naves sobresaíndo os correspondentes á ábside da Epístola. Os dous últimos pilares de cada banda, os máis achegados o muro oeste, están

totalmente faltos de signos. Os lenzos Norte e Sur, canto á presenza ou ausencia de signos, correspóndense co dito para os pilares das naves. A única excepción é o segundo tramo da parede meridional, onde non só se dá unha grande abundancia de signos (marcas) senón tamén unha grande variedade : . Isto pode te-la súa explicación nas intervencións resultantes da apertura dunha furna sepulcral, que levarían á superposición de marcas de etapas diferentes. Pode que tamén se puidese pensar, dada a súa abundancia na zona do arco, que fosen marcas sinala-la posición que cada bloque ía ocupar, aínda que iso non explica por que non as hai na zona da clave e si na dos salmeres e riles.

Estas observacións permítennos diferenciar no edificio as seguintes campañas: zona das ábsides, primeiro e segundo pilar, segundo tramo do muro meridional e terceiro e cuarto pilar. Inda que nos tres primeiros casos se observan marcas de cantería, é a súa abundancia e distribución a que permite facer esta triple diferenciación. Así, anque entre a zona das ábsides dos primeiros tramos das naves non se note diferencia constructiva o decorativa, algo tivo que ocorrer para que dunha case total ausencia naqueles, se pasase a tal abundancia neste. A razón puido se-la interrupción das obras. No segundo tramo do muro meridional foi xa considerado como un caso aparte.

Este primeiro conxunto vaise caracterizar polo dominio do signo "B" e a escasa variedade de marcas, que se pode explicar pola presenza dun limitado número de canteiros e pola lentitude das obras que permitiría o signar cada sillar.

Maila o sinalado ata aquí, quero deixar claro que as marcas de cantería poden servir únicamente como guía para esbozar temporadas de traballo e de paralización das obras, sen que as etapas construtivas teñan que cinxirse estritamente á súa distribución. O mesmo poderíase dicir referido á escultura, xa que se ben veremos que hai unha diferenciación moi clara entre determinados capiteis dos dous primeiros pilares e os dous últimos, nembargantes hai unha etapa de transición - que remite a Santa María de Cambre - que non queda constatada por unha singularidade das marcas de cantería.

No exterior do muro sur, pola banda que dá a actual sacristía, áchase unha inscrición que pode axudar á data-lo edificio. O primeiro autor que menciona a súa existencia é M.L. Real, no seu estudio sobre da igrexa de San Pedro de Rates (27).

O epígrafe non é de facil lectura dado o pouco marcados que se encontran algúns dos seus rasgos.

O citado autor alude unhas veces ó ano 1111, e outras á era 1111. Á parte a confusión na que incorre (Era-Año) penso que puido pasar por alto algúns dos trazos da inscrición, que debe lerse : ERA T:C : X^vL^vIIII

Ésta parece continuar nos dous seguintes sillares, mais non é posible a súa transcripción. De tódolos xeitos podemos sinalar o ano 1102 (Era 1140) e supor que a parte que falta indicaría a data concreta interpretandose "L" como un signo de abreviatura de "et" e o que se lee a continuación (maila parte que falta) o día.

Aínda que sinalo o ano 1102 como data de consagración coa presenza de altares hábiles (pois é excesivamente temprana para a actual fábrica), non considero descabellada a indicada por M.L. Real, pois idéntico ano fundacional sinala E. Cal Pardo para o mosteiro de S. Salvador de Pedroso (28). Así non se trata dunha data carente de significado pois foi precisamente no 1111 cando o Conde de Traba e Galicia, D. Pedro Froilaz, consigue que se coroe rei en Santiago a Alfonso VII (29). Con iste motivo é lóxico supoñer que se apresurarían os actos fundacionais.

- (1) Véxase J. M. Pita Andrade, "Estructuras Arquitectónicas del Románico en España", G., nº 43-45, xuño - decembro, 1961, páxs. 2-11, "Visión actual del Románico en Galicia", CEG, XVII, nº 52, 1962, páxs. 137 e ss., "Notas sobre el Románico popular en Galicia", CEG, 1969, páxs. 58-83; e A. Bonet Correa, "Las peregrinaciones a Santiago de Compostela y el arte románico", G., xullo-decembro, 1961, nº 43-44-45, páxs. 128-135.
- (2) Pita Andrade, "Visión actual del Románico en Galicia", páxs. 137 e ss.. Véxase tamén de M. Durliat, "Arquitectura y escultura románica en Cataluña y Rosellón", G., xullo-decembro, 1961, nº 43-44-45, páxs. 44-54.
- (3) Véxanse, entre outros, B.F. Alonso, "La Ex-colegiata de Junquera de Ambía", BCPMO, T.L, nov. 1900, nº 17, páxs. 281-310, T. II, xaneiro-abril e maio-xuño, nº 43 e 44, páxs. 329-333 e 345-350; Bango Torviso, "Arquitectura románica en Pontevedra", La Coruña, 1979; F. Calvo, "Santa Marina de Augas Santas", BCPMO, T. IV, setembro-outubro, 1913, nº 92, páxs. 345-352; C. Fernández Gago, "San Julián de Moraime", Abr., T. 10, 1978, páxs. 29-32; J. R. Fernández Oxea, "Un grupo de iglesias gallegas", AEA, 1951, nº 94-95, páxs. 141 e ss.; H. de Sá Bravo, "El monacato en Galicia", La Coruña, 1972 e "Rutas del Románico en la provincia de Pontevedra", Vigo, 1978; J. Sousa, "La portada occidental de la iglesia de S. Julián de Moraime", CEG, T. XXXIV, fasc. 99, 1983, páxs. 155-178; J. Villaamil y Castro, "Iglesias gallegas de la Edad Media", Madrid 1904; M. Chamoso Lamas, "Iglesia parroquial de Santa Mariña de Augas Santas", CEG, 1955.
- (4) Pita Andrade, "La iglesia románica de San Martín de Jubia", CEG, 1944, páxs. 227-236. J.C. Valle Pérez, "Las cornisas sobre arquitos en la arquitectura del Noroeste de la Península Ibérica", C, XXIV, nº 3-4, 1981, páxs. 291-353 pon de manifesto a relación existente entre Xunqueira de Ambía e Santa María do Sar, e chega a pensar na intervención de artífices comúns en ámbolos dous templos. Tendo en conta a data dada para Ambía de 1164, temos que pensar nunhas datas próximas para Sar, polo que moi dificilmente puido ser a planta de Santa María do Sar o modelo da de Xuvia, como veremos pola súa data fundacional.
- (5) M. L. Real, "O Románico Condal em San Pedro de Rates e as transformações Benedictinas do séc. XII", Póvoa de Varzim, 1982, vol. XXI, nº 1. Sobre o Románico portugués véxase de C. Ferreira de Almeida, "Arquitectura románica de entre Douro e Minho (tese doutoral) e R. dos Santos, "Lo Románico en Portugal", G, 43-45, xuño-decembro, 1961, páxs. 144-148.
- (6) R. Yzquierdo Perrin, "La desaparecida iglesia de San Pedro de Fora en Compos-

tela", CEG, 87-89, XXIX, 1974-5. Trataríase dun tipo da igrexa máis complexo que o xeneralizado por Xelmírez na primeira metade do século XII caracterizada por unha única nave. Dataríase na segunda metade do século XII.

- (7) Bango Torviso, ob. cit., páx. 33. As igrexas románicas pontevedresas teñen nos muros laterais, un grosor medio entre 0,85 mts. e 1 mt. (agás naquelas nas que se abren portas con columnas), e nos occidentais, nos que soen levar como mínimo un par de columnas, entre 0,91 mts. e 1,93 mts..
- (8) Bango Torviso, páx. 55.
- (9) Bango Torviso, páx. 37.
- (10) Pita Andrade, "Notas sobre el Románico popular en Galicia", páx. 89. Encontrámo-lo en San Martiño de Mondoñedo e volverémolo atopar na Catedral compostelá.
- (11) Bango Torviso, páx. 53, sinala que na provincia de Pontevedra tan só se dan dous casos de igrexas abovedadas - Santa María de Frades e San Martiño de Sobrán - , anque no 90% dos casos se proxectasen ese sistema de cubrición, como o demostra a presenza, nos muros laterais da nave, de un dous ou tres pares de columnas entregas para voltear sobre delas arcos que servirían de faixóns a unha bóveda de cañón.
- (12) Os pilares de San Martiño de Xuvia carecen de plinto, desas que falemos dunha "simplificación" do modelo compostelán. O paso intermedio, a presenza de apoios, dáse en bastantes igrexas galegas - Santa María do Sar, Xunqueira de Ambía, Santa Mariña de Augas Santas -, e só nunha - Acibeiro - é seguido perfectamente o modelo compostelán.
- (13) Souto Vizoso, "Sinopsis monográfica ...", páx. 38.
- (14) Non tódalas basas de San Martiño de Xuvia son exactamente iguais, xa que mentres unhas presentan unha escocia moi desenvolvida, outras mostran un grande desenvolvemento do touro inferior, dando lugar a unha forma moi plana.
- (15) Sobre Santa María do Sar, véxase : B. Barreiro, "Descripción y origen del Real Monasterio del Sar", Galicia Diplomática, T. I, 1882; C. Sánchez Rivera, "El templo y el monasterio de Santa María de Sar", Eco de Santiago, 1920; F. Pita Espelosín, "Galicia Monumental. Santa María la Real del Sar", AE, ano IX, 1920, T. V, nº 3, páxs. 140 e ss.; J. J. Martín González, "Iglesias inclinadas de Galicia", AEA, T. XXXVII, nº 145, 1964, páxs. 49, 56; M. Chamoso Lamas, "A Colexiata de Santa María a Real de Sar", HFLC, 1975; Pedret Casado, "Santa María la Real de Sar", CEG, T. VI, fasc. XIV, 1949, páx. 339-348. Pode consultarse tamén en GEG o tomo correspondente á voz "Sar".

- (16) Souto Vizoso, Sinopsis monográfica..., páx. 37
- (17) Souto Vizoso, ob. cit., páx. 77. Bango Torviso, ob. cit., páx. 50 alude á frecuencia coa que as sacristías aparecen encostadas ó muro septentrional.
- (18) Este retábulo pertencera anteriormente á igrexa de San Fernando de Esteiro de Ferrol, hoxe derrubada.
- (19) Souto Vizoso, ob. cit., páx. 21.
- (20) Souto Vizoso, ob. cit., páx. 36 sinala 2,75 mts. recollendo quizais dados doutros autores.
- (21) Pita Andrade, "Notas sobre el Románico popular en Galicia", páx. 80.
- (22) Saralegui, San Martín de Jubia, páx. 22 datao no último tercio do século XVIII.
- (23) Souto Vizoso, ob. cit., páx. 10.
- (24) Souto Vizoso, ob. cit., páx. 11.
- (25) Souto Vizoso, ob. cit., páx. 10.
- (26) Véxase de Margarita Vila da Vila, La iglesia románica de Cambre, ayuntamiento de La Coruña, 1986.
- (27) Real, ob. cit., páx. 14.
- (28) E. Cal Pardo, El monasterio de S. Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos, La Coruña, 1984, páx. 30.
- (29) Cal Pardo, ob. cit., páx. 32.

III. ESCULTURA

No interior, na zona do presbiterio, destacan dous capiteis entregos nos muros que se corresponden cos fustes acodillados nas xambas da fiestra intermedia da ábside central. Teñen decoradas as súas cestas con motivos de entrelazos destacándose, no vértice superior unha pequeniña cabeza humana. Este tipo de capitel, que fai a súa aparición nos fustes entorchados da fachada das Praterías, é un dos que máis trascendencia tivo en Galicia (1). De feito, sen nos marchar de Santiago, na igrexa de Santa María do Sar atopamos un idéntico. Mais a súa filiación non se limita a terras galegas e á cidade do apóstolo, xa que se repite ó longo do Camiño de Santiago, en San Isidoro de León e Frómista, particularmente.

O capitel da banda esquerda do arco de acceso á ábside da Epístola é o único historiado (figs. 13 e 14); aínda que Pita Andrade o describe como "dos personajes a caballo que luchan y un hombre a pie tras cada uno de los caballos" (2), obsérvase na cara principal do capitel, na súa banda esquerda, un personaxe montado sobre dunha besta - quizás un león - á que semella desfacer en pequenos coios. Defronte, apréciase o corpo dun animal, aparentemente un cabalo, ó que semella faltarlle a cabeza, sobre do que se acha unha figura humana da que se sinala a cabeza e parte do tronco, que queda agachado tras un escudo triangular. Semella tratarse dun centauro.

Nas dúas facianas menores da cesta escúlpese a mesma escena, aínda que con lixeiras variantes. Na banda esquerda, dous personaxes de pé e frontais. Un deles, o de maior corpulencia, suxeita coas súas dúas mans o rabo do animal, mentres o outro cobre o seu corpo cunha coiraza triangular e ergue os brazos. A besta aparece rabena. Na banda dereita da cesta repítense dous personaxes de pé e frontais, un deles cos xeonllos flexionados. Este bota ámbalas dúas mans á altura dos xeonllos. O outro personaxe mantén os brazos en alto.

A cesta péchase na súa parte inferior cun astrágalo e, o seu borde superior complétase con dúas grosas volutas nas esquinas, a imitación dos caulículos do capitel corintio (3). Como muñón unha moldura cuadrangular. O cimacio ó igual que ocorre co resto dos capiteis das naves, caracterízase polo seu corte en forma de nacela e pola ausencia de motivos decorativos. A estrutura xeral

deste capitel entrego é a dun tronco de cono ou pirámide invertida, cun amplo desenvolvemento central.

Así a escena semella representar unha pasaxe da Biblia : Sansón desfacendo ó león (4). O que non é doado de explicar é a presenza deste terceiro personaxe que agarra o rabo da besta, e que vemos tamén en Moarves (5). Poderíase xustificar pola incompreensión dos escultores cara a determinados temas que moitas veces, chegaban a misturar por un afán simbólico (6). A figura dos brazos en alto sería tamén identificable con Sansón.

Na banda dereita da cara principal figúrase un centauro protexido con escudo e lanza como se dun guerreiro se tratase. A presenza deste está constatada nalgúns capiteis palentinos. A lanza vai dirixida contra do personaxe montado sobre do león.

En Revilla de Santullán vese a Sansón desfacendo ó león, a loita do centauro provisto de arco e carcasa contra dunha fera que lle dá unha poutada nas ancas e a loita dun guerrero contra dun león ó que atravesa cunha enorme espada e da que se defende con potente escudo (7).



En Xuvia parece que se dá unha conxunción das escenas. O que xa non ten moito sentido son os dous personaxes que aparecen tras do centauro, e que quizá se podan explicar como asimilación do motivo do lateral esquerdo.

Dos capiteis das naves de San Martiño, cinco deles presentan bestas enfrontadas : os correspondentes no plano ós números A2, A3, B2, C1 e 4. O primeiro figura dous animais unidos polos cuartos traseiros e as súas cabezas voltas cara a atrás coincidindo coas aristas da cesta. As feras mostran as súas poutas e as fauces abertas. Na parte superior sobresaen os caulículos e o muñón central como moldura rectangular. O segundo destes capiteis - o A3- representa unha parella de bestas enfrontadas das que as fauces e poutas agarran o astrágalo. Ó igual que no anterior detállanse os rasgos corpóreos e faciais - ollos, boca e orellas -. Na orde superior tállanse, nas esquinas, dúas grandes follas picudas con poma no seu ápice, que se volve sobre o envés; entre unha e outra, un muñón de forma triangular.

No primeiro pilar da banda da Epístola, nun dos seus capiteis - o B2 - represéntase outra parella de animais, esta vez en loita. O da esquerda ten collido coa súa boca o colo do outro animal que baixa a súa cabeza ata case

quedar afundidas as súas fauces no colariño. Respecto da organización da cesta, segue o mesmo esquema do anterior, substituindo as follas por dous grandes caulí- culos e quedando o muñón central inapreciable (fig. 15).

No segundo pilar da banda do Evanxelio - capitel C1 - encontramos outras dúas bestas unidas polos cuartos traseiros, que dirixen as súas cabezas cara ó colariño sen chegar a tocalo. A cesta do capitel remata en caulí- culos

Xa por último, quédanos un capitel encostado ó muro sur da igrexa - o nº 4 - no que se representan dúas parellas de bestas enfrentadas, das que só se tocan as dúas máis achegadas, que se sitúan na parte central da cesta; as outras dúas apoian os seus cuartos dianteiros sobre dos traseiros das anterio- res. Na parte superior semella representarse o mesmo motivo invertido e simplifi- cado, xa que os animais que montan ós seus compañeiros non aparecen. Quizais podamos relacionalo co tema dos cervos perseguidos polos cans. Este capitel é de feitura completamente distinta, polo que o analizaremos logo.

Os capiteis co motivo das bestas enfrentadas son moi frecuentes en terras galegas e ó longo do camiño de Peregrinación. Vémolo en San Isidoro de León, a Catedral Compostelá, Santa María do Sar, Santa María de Salomé, Santa María de Acibeiro, Santa María de Caldas ... e xa en San Martiño de Mondo- ñedo.

Canto á labra e esquema compositivo, podémolos agrupar en dúas parellas : A2 e C1, B2 e A3. Os primeiros enchen totalmente a cesta coas bestas, deixando espacio só para unhas pequenas volutas na súa parte superior. Son de labra dura, cos músculos marcados rudamente a base de incisións. Recor- dan ás dúas bestas do parteluz da portada das Praterías. O A3 repite, simplifica- do, o motivo dun dos capiteis do cruceiro da Catedral Compostelá (8). Neste represéntase dous leóns coa pelaxe marcada que semellan estar a comer algo no astrágalo. Motivo idéntico atópase en San Martiño de Mondoñedo (9).

Estes catro capiteis de parellas de animais posúen un desbastado e estrutura similares. No tocante ó primeiro, déuselle á cesta a forma dun tronco de cono invertido lixeiramente abombado en sentido horizontal; recordan un pouco ós de Anzy-le-Duc, e ós das capelas absidais da Catedral de Santiago. Polo que toca á súa estrutura e composición é patente a súa filiación compostelá.

Se a difusión do motivo dos leóns, enfrentados - ou outro tipo

de bestas - foi enorme, non o foi menos a do tipo de capiteis vexetais caracterizados por unhas anchas follas simples (limbo dunha soa peza), de silueta enteira e lixeiramente ovalada, que na súa parte superior adquire unha tendencia apiculada ó volve-lo seu ápice sobre do envés. Na parte central da folla tállanse outras máis pequenas que parten dun talo central - moitas veces refundido - que se corresponde co nervio medio da folla principal. De aquí derivan outros tipos de capitel vexetal, presentes tamén na catedral compostelá, caracterizados pola súa simplificación. O que máis trascendencia tivo foi o que representa unha folla de borde redondeado ou ovalado cun marcado reafundido central.

Ambolos tipos, que se poden ver na zona do cruceiro e tribuna da Catedral, encóntranse na nosa igrexa (fig. 16). Son capiteis, xeralmente, dunha soa orde de follas que parten do colariño e rematan no ábaco. En Xuvia correspóndense los que xa sinalamos no plano cos números A1, B1, 11, 12, 1 e 2. Algunhas variantes son o B3 (cunha das súas follas decorada cuns pequenos baloucos retortos (10) C2 (cun esquema compositivo xeral idéntico ó sinalado como prototipo, máis o desbastado da cesta do capitel é distinto, quedando as follas máis pegadas) e F1 (cunha das súas follas lisas e decorada no seu envés con dúas formas vexetais moi estilizadas).

Do modelo que xa caracterizamos como simplificado, Xuvia posúe un único exemplo - o C3 -. Combinación deste tipo e do primeiro son os capiteis do arco de triunfo, pola banda que dá ó Evanxelio - J3 e J4 -.

Xa que así, vemos que a influencia da "escola" compostelá circunscribíase á zona das ábsides, ós dous primeiros pilares da banda do Evanxelio e a columna de fronte ó primeiro deles, ó primeiro pilar da banda da Epístola e á súa columna de fronte e, por último, a unha das columnas do terceiro pilar desta mesma banda.

A segunda influencia pola que está marcada a igrexa de Xuvia é a da Orde do Císter. Son capiteis máis sinxelos, nos que domina o tipo que presenta dúas grandes follas enteiras, como pequenas palmas adheridas á cesta e que fai coincidi-lo seu nervio central coa arista. O seu ápice coróase cunha pequena bola. A separación entre unha e outra folla faise por medio dun reafundido central que se decora cun miúdo baquetón, cunha poma na súa parte superior. A este tipo pertence os capiteis signados como 3, D1, E1, 7, G1, 9, 10. Tamén hai variantes - como o G2 - no que as follas semellan establecer interseccións entre elas dando a sensación de nos atopar ante láminas superpostas.

Outros capiteis - E2, E3 e H1 - non presentan modificacións algunha na cesta. Esta decórase cun simple debuxo xeométrico, que en dous dos casos - E2 e H1 - semella querer remesar, como en Santa María de Sobrado, a unhas follas moi estilizadas, lisas, pegadas ó bloque da peza, as angulares picudas, a central máis ancha, con dúas pequenas boliñas no remate (11). O outro - E3 - baixo o mesmo esquema, exorna a súa cesta cun motivo en forma de oito estirado e enche o oco superior deste cunha pequena bola (fig. 17).

Quédanos outro capitel - o H2 - que carece de decoración e deixa á vista todo o bloque. Confirma a influencia que o Císter estaba a exercer en terras galegas, e tamén en San Martiño de Xuvia (partíndo de seguro de Santa María de Sobrado).

O número 4 é o único capitel de influencia cisterciense que se presenta figurado, o que non é costume na dita arte. Mais, aínda e con todo, é evidente que se trata dunha labra distinta á dos outros capiteis con representación animalística. A figuración está pegada á cesta do capitel e parece grabada na pedra en vez de esculpida. Motivo semellante, aínda que con técnica distinta, é o que atopamos nun capitel de Santa María de Cambre.

A esta segunda campaña pertence tamén un grupo de capiteis que se poden relacionar coa citada igrexa de Cambre - D2, D3, 5, F2, F3, 6, G3, H3 e 8 -. O D2, D3, 5 e 6 decóranse con follas moi amplas de perfil lanceolado ou afrechado, a modo de pequenas palmas e, agás o D3, cos bordes festonados (fig. 18). D2 e 5 levan os característicos eixos perolados mateanos coincidindo coa arista do capitel. A partir de alí, organízanse en capas concéntricas lisas - D3 -, festonadas - D2 - ou só festonada a última - 5 e 6 -. Decóranse todas con pomos no ápice da folla pero sen se volveren sobre de sí mesmas. Desapareceron os caulículos e muñóns e agora ocupa toda a cesta unha decoración plana perfectamente axustada ó bloque (12).

Os capiteis signados como F2, F3, G3 e H3 teñen unha decoración máis pegada á cesta que os que xa calificamos de influencia compostelá, mais as formas seguen a ser carnosas e en F2 apuntan certa intención naturalista. Este exórnase cunhas follas compostas por pequenas pinnas de perfil ovalado que parten directamente do nervio central e adquiren unha disposición oposta. A cesta, na súa parte frontal, atópase dividida, en sentido vertical cunha serpe que coa súa testa toca o muñón central. Unha técnica semellante de desbastado empregouse noutro capitel deste terceiro pilar - no F3 - coa súa cesta decorada

cunhas follas simples, de perfil enteiro, cunha estilizada forma oval, lixeiramente apiculada na súa parte superior. O seu ápice vóvese sobre do envés para tocar nuns casos, unha poma e noutros, unha especie de lingua pegada, lixeiramente acorazonada. Este capitel é o único que leva o astrágalo decorado (cuns semicírculos planos). Motivo semellante é o que presentan G3 e H3. Neste último vólvese ver un arco de perfil festonado decorando o envés da folla. A Santa María de Cambre semella que tamén remesa o capitel nº 8 composto por unha dobre orde de follas cunha especie de poma no envés que dá a impresión de se transformar nunha pequeniña cabeza (13).

Saíndo ó exterior sobresa a decoración da aba do tellado, do tipo que Bango Torviso designa como "de cobijas y canecillos" (14), caracterizado por ser unha simplificación do "tipo compostelán" (15), coa ausencia de decoración en tabicas e sofitos, de costume neste último. O beiril (tellerol) de San Martiño está formado por un filete recto e un chafrán con perfil en caveto decorado cuns motivos naturalistas - flores de seis pétalos - conseguidos a partir das puntas de diamante (16). As tellas curvas (cóncavas) recostanse sobre dun conxunto de canzorros cortados en curva de nacela. Dominan os figurados, aínda que tamén os hai en vexetais e de rolos.

Comenzaremos pola zona das ábsides por se-las máis antigas e, sen dúbida as máis interesantes. Procederemos primeiramente a unha descripción para pasar logo á súa análise e posible interpretación ou interpretacións.

- 1 - Canzorro vexetal moi simple.
- 2 - Figura humana masculina espida, cos órganos xenitais marcados, que leva ámbalas mans á sua boca aberta, quizais en actitude de burla ou moca. Aniñada volve a súa cabeza cara a enriba (fig. 4). Unha figura semellante atópase nun canzorro da aba do tellado das Praterías.
- 3 - Figura animal - pode que sexa un porco - co fuciño e as pezuñas salientados (17).
- 4 - Figura animal na boca da cal colga algo irrecoñecible, quizais unha figura humana. Nos beiris galegos adóitase o canzorro no que o home e o animal aparecen xuntos. Aquel, moitas veces, é un contorsionista. Tema similar atopámolo en Santa María de Salomá (18), San Pedro de Rebón, San Juan de Palmou ... Fora de Galicia, no Camiño de Santiago, tamén hai algúns exemplos.
- 5 - Figura humana espida, aniñada, agarrándose ós xeonllos con ámbalas dúas mans e mostrando os seus órganos xenitais marcados. Non se trata dun tema extraño, xa que se atopa en moitas igrexas galegas - Ouzande, Angoares,

Nogueira - e do Camiño - Frómista -. No caso de Xuvia, pode que se trate dunha figura figura defecando. Pódese definir como un personaxe nunha actitude candongueira, ó igual có canzorro nº 2.

- 6 - Canzorro vexetal de palleta carente de interés por pertencer a reformas posteriores.
- 7 - Figura humana en posición invertida coas pernas encollidas, que leva na súa man dereita unha especie de bastón moi delgado coa súa parte superior curvada; pode que se trate dun báculo e a figura dun abade. Pola posición dos seus xeonllos, dá a impresión de que foi captada no mesmo momento de axeonllarse (19) (fig.5).
- 8 - Canzorro vexetal de palleta.
- 9 - Canzorro vexetal moi sinxelo.

capítulo

Os canzorros que vimos de describir son os que se corresponden coa aba do tellado da ábside do Evanxelio. A ábside central ornamenta o seu tramo recto - o que está en contacto co do Evanxelio - cos seguintes :

- 10 - Testa de animal, quizais un can.
- 11 - Figura humana en posición invertida coas pernas cruzadas e que leva sobre os seus xeonllos un obxecto ó que achega as súas mans. Está representada con barba e un gorro redondo (fig. 6).
Poderíase tratar dun personaxe cun libro sobre dos seus xeonllos que lle serviría para agacha-las súas partes (20). Non creo que sexa este o significado da súa iconografía, xa que existen canzorros, no beiril, en actitudes máis candongueiras que non semellan mostrar modificacións na súa labra. Outras posibilidades son as de consideralo como un personaxe realizando un traballo agrícola - índa que non chego a precisar cal - (21), ou ben un músico do cal o instrumento semella dous aros unidos (22). En apoio desta última interpretación ven a frecuencia con que este motivo soe representarse nas abas dos tellados, a postura das pernas cruzadas, a barba e o carapucho (23). Por outra banda, esta interpretación encaixa co que levamos visto ata agora.
- 12 - Canzorro vexetal de palleta.
- 13 - Cabeza e colo dunha figura humana extraordinariamente curiosa pola súa boca aberta en forma de oito horizontal xeometrizado. Pode que quixera figurar unha carauta ou ben se tratar dunha moca (24).

O hemiciclo da ábside central vai decorado ó exterior polos seguintes canzorros:

- 14 - Modillón de tres rolos horizontais continuos sen palleta vertical, e de un

volumen considerable. É o tipo que máis adoita aparecer (25).

- 15 - Figura humana masculina, espida, co pene moi salientado, en posición invertida e actitude xinnástica. Pode que se trate dun contorsionista. É un motivo en relación directa cos músicos, danzantes, equilibristas, bébedos e outros personaxes en actitudes provocadoras. Neste canzorro de Xuvia figúrase un home nunha postura un tanto desvergonzada, o que lle permite a exhibición dos seus xenitais, e ó tempo aquela queda xustificada pola realización dun exercicio xinnástico (26).
- 16 - Canzorro vexetal moi simple.
- 17 - Dous personaxes abrazados, coas pernas e os brazos entrelazados, cos seus corpos de perfil e as súas caras tanxentes de fronte (fig.7). Poderíase identificar como unha escena de loita, ou ben como o fai Pita Andrade, como unha representación do signo zodiacal de Xemeos (27). Na súa contra está a temática xeral do beiril. Máis de acordo con esta sería interpretala como dous personaxes realizando un acto sexual, ou simplemente dous amantes.
- 18 - Figura humana aniñada que leva as súas mans á altura do colo. Pódenselle dar dúas posibles interpretacións : que sexa a representación dun músico, xa que as mans están o suficientemente achegadas á boca como para que puidese soste un instrumento musical de vento - tamén se podería pensar nunha fídula que iría disposta no oco que queda entre os brazos - (28); ou ben, a dun personaxe simbolizando a avaricia. Se nos fixamos detidamente podemos apreciar unha especie de aro ou cordón que pende do seu colo e ó que el semella bota-las súas mans. A bursa pode que estivese antes no oco que hoxe observamos entre os brazos (29).
- 19 - Canzorro vexetal de palleta.
- 20 - Figura humana masculina, en posición invertida, que agarra as pernas e toca os ombreiros cos pés. As súas costas seguen a curva da nacela. Ó igual que os outros canzorros anteriores representa un ximnasta ou un contorsionista.
- 21 - Figuras humanas con brazos e pernas entrelazados en postura semellante á do canzorro número 17. A diferenza máis apreciable neste caso é que ámbolos personaxes aparecen barbados, é dicir, trátase de dous homes anciáns. Quizais estes dous canzorros queiran simboliza-la luxuria; sería a representación dunha sexualidade pecadenta : dous nenos e dous anciáns (30).
- 22 - Canzorro vexetal moi simple.
- 23 - Figura humana espida, en posición frontal que leva os seus brazos cara ós xeonllos flexionados. Aparece moi destragada polo que son imposibles maiores precisións.
- 24 - Canzorro vexetal moi simple.

- 25 - Canzorro vexetal moi simple.
- 26 - Fermosísimo canzorro no que se figura a cabeza e o colo dun animal, sen que sexa doado descubrir de cal se trata. Poderíase pensar nun can, un asno ou un cabalo (31).
- 27 - Modillón de tres rolos semellante ó número 14.
No tramo recto do ábside central, ó achegado á banda da Epístola, represéntanse os seguintes canzorros :
- 28 - Non se ve ben máis semella un animal que leva algo á boca.
- 29 - Canzorro vexetal moi simple.
- 30 - Cabeza de figura humana coa boca marcada en forma de oito horizontal, do mesmo tipo que o canzorro número 13. Neste caso no se figura o colo.
- 31 - Canzorro vexetal de palleta.
- 32 - Canzorro vexetal moi simple.
- 33 - Figura animal, pode que un bácoro, con pezuñas e fuciño marcados.

Os canzorros da ábside da Epístola están moi estragados, pero malia iso algúns poden ser identificados :

- 34 - Canzorro vexetal de palleta.
- 35 - Figura humana espida, frontal, en actitude contorsionista. O seu lombo non se adapta á curva da nacela senón que son os seus brazos, os seu pés e a súa cabeza as que parecen sostela.
- 36 - Posible representación animal na que se marcan uns enormes ollos e unha grande boca aberta que semella xungirse a un corpo de forma ovalada sen mediar transición algunha. Salientanse tamén dúas enormes patas cos seus extremos perfectamente sinalados. Podería tratarse da representación dunha curuxa, animal que adoita aparecer nas abas dos tellados dos templos románicos pontevedreses adoptando, cáseque sempre, unha actitude de repouso. No beiril da capela de San Xoán, na catedral de Santiago, aparece a antedita ave, inda que abondo máis real, non tan estereotipada porque, é evidente, que a curuxa de Xuvia foi sacada dun deses libros de obradoiro ou libros de modelos, ou ben empregouse para a súa realización un dos moitos cartóns que debían circular pola Idade Media. A curuxa de Xuvia ten como característica especial a ausencia de lingua (32).
- 37 - Representación dos cuartos dianteiros dun cuadrúpedo, un touro, no que se salientan a súa testa, cuns miudiños e finos cornos, e as súas patas.

Bango Torviso, na súa enumeración do bestiario pontevedrés

sitúa as testas dos bóvidos - xunto cos cápridos - como as representacións animais máis abundosas; é raro o beiril no que non aparecen (33). O que xa non é tan frecuente é unha imaxe como a que vemos en Xuvia, máis estereotipada e mental ca real, mais que supón unha verdadeira proeza técnica pola súa representación frontal.

38 - Non se aprecia, mais semella unha figura humana en posición invertida.

39 - Canzorro vexetal de palleta.

40 - Figura humana masculina espida (gónadas marcadas)

41 - Non é visible.

42 - Non é visible mais suponse a súa existencia ó tratar de establecer unha correspondencia coa outra ábside lateral.

Os canzorros da aba do tellado das ábsides de Xuvia reflexan esa idea de Románico como arte extrovertida, aberta ós sentidos e á temática profana, inda que só sexa en lugares marxinais, como son as cornixas. A anécdota e o humor están sempre presentes.

No caso do beiril de Xuvia é excepcional entre as igrexas románicas galegas polo seu dominio, case absoluto, dos temas profanos. Os canzorros podémolos dividir en tres grandes grupos: os de tema vexetal (os menos abundosos), os que presentan figuración animal - porco, can, curuxa, touro - e os de figuración humana. Dentro destes últimos podemos facer distincións. Por unha banda, aqueles que quizais representen vicios - a avaricia e a luxuria - ós que tal vez se lles poda engadi-la figuración do abade (¿simoníaco?); pola outra, os contorsionistas - exhibicionistas - canzorros signados cos números 15, 20 e 35 e os exhibicionistas - obscenos - canzorros 2, 5 e pode que tamén o 23 -. Restannos unha serie de motivos soltos como o probable músico ou as figuras de carautas. Total, estamos ante imaxes obscenas, grotescas e ás veces, escatolóxicas (34).

Verbo do punto de vista da execución técnica, os canzorros das ábsides presentan unhas dicotomías entre eles que poderían mostra-la man dos diferentes canteiros. Algúns son macizos, voluminosos, un pouco chaparretes e axústanse ós lindeiros superior e inferior da nacela. Pódenos servir como exemplo os números 2, 3 e 5. Abofé que parten dun bloque cuadrangular. Nos tres casos as cabezas - de figuras animais e humanas - son enormes, cun nariz prominente e uns ollos moi afastados. Outros, como o 15, 17 e 21 - e quizá tamén o 7 - axústanse á nacela pero as súas figuras son máis estilizadas, menos bloque,

adoptando un esquema rectangular. Unha factura diferente semellan te-lo 13, 26 e 30 cuns estilizados colos confundidos co corte do can, e os números 10 e 11 cunha coidada representación de detalles.

Verbo do muro norte, a zona próxima, as ábsides, decórase cun conxunto de canzorros divididos en dous grupos por un contraforte. De esquerda a dereita son :

- 1 - Canzorro vexetal de palleta.
 - 2 - Dous baquetóns lonxitudinais que se envolven nun cilindro na súa parte superior.
 - 3 - Raro canzorro que resolve a súa parte superior en dúas volutas e no centro destas áchase unha moldura triangular.
 - 4 - Canzorro en nacela que resolve a súa parte superior nun cilindro.
 - 5 - Dous baquetóns lonxitudinais que se envolven nun cilindro na súa parte superior.
- Entre eles non existe unha diferenciación neta.
- 6 - Canzorro en curva de nacela coa súa parte superior resolta nun cilindro.
 - 7 - Canzorro vexetal de palleta moi pegado á nacela.
 - 8 - Canzorro de planos superpostos.

No interior da igrexa, baixo do coro, áchase unha conixa de sete cans (na orixe, pode ser, eran oito, xa que na banda esquerda semella faltar un), cortados en nacela e con cilindro na súa parte superior.

Xa que logo, á vista do conxunto dos canzorros, atopámonos en tres momentos diferentes : a parte máis antiga, a da cabeceira, con cans - na súa maior parte - historiados, vexetais e de rolos; séguelle o muro norte, no que os figurados desapareceron e só se ven os vexetais e xeométricos e, por último, os do coro, pertencentes todos a este último grupo.

Quédanos por estudia-lo conxunto funerario que se atopa no interior da igrexa, á altura do segundo tramo da banda da Epístola, entre as portas que dan entrada á sacristía e ó claustro.

O conxunto, ó abeiro dun arcosóleo, consta dunha serie de elementos que non semellan ser orixenarios do lugar que hoxe ocupan. É o resultado dunha "montaxe" realizada o 21 de xullo de 1963 tralo derrubamento da capela de San Miguel (15 de xuño de 1910) (35). A idea rectora puido ser, seguindo un criterio lóxico, a utilización das pezas que dende o derrubamento da dita capela permanecían nas dependencias monacais (36). Algúns dos elementos dos que se ten constancia parece que desapareceron ou, alomenos, non forman parte do novo conxunto funerario (37).

O escudo que hoxe está empotrado na parede meridional de San Martiño está bastante estragada. Case tódolos autores que o estudaron identifican os seus brasóns cos da familia Esquíó, agás Saralegui (38). O cuadrante divídese verticalmente en dúas metades, na súa parte esquerda un feixe de bastos sobre dun cuadrúpedo rampante - ¿ un cánido ? -, moi semellante ó escudo da familia Mandiá (39); e no da dereita outros dous cuadrúpedos rubintes a unha árbore sobre dunha torre ou un castelo (brasóns dos Esquíó). Alude á relación Esquíó-Mandiá (fig. 19).

Hai disparidade de opinións na identificación dos animais do cuadrante dereito xa que mentres para o Padre Sarmiento e Chamoso Lamas son "dos lobos subiendo a un pino" (40), Manuel Núñez defíneos como "dos osos rampantes a una encina" (41) e, mais preto de nós, Roncel Antonio Garcia Lamas como dous esquíos, baseándose na comparación co escudo de Diego Esquíó da igrexa de San Nicolás de Neda (42).

Un escudo de armas documéntase na fachada da casa rectoral (48). Teño as miñas dúbidas sobre de se é o mesmo que hoxe se atopa empotrado no interior da igrexa. o que semella seguro é que se este estivo na capela de San Miguel ata 1910 (44), non puido se-lo mesmo que Saralegui menciona como formando parte de dita fachada no 1898. Quero, xa que logo, apunta-la posibilidade da existencia de dous escudos, un deles documentado xa por Saralegui no 1898 na casa rectoral e outro que pertencería á familia Esquíó e formaría parte do conxunto funerario da capela de San Miguel que pode ser ou non o que hoxe se atopa en San Martiño. É posible, como sinala M. Núñez, que este pertenza a unha data posterior ó actual monumento funerario (45).

Outro elemento dos que compoñen o conxunto é a figura dun xacente que foi topada a fins do século pasado na mesma igrexa de San Martiño inda que, en palabras de Saralegui "en lugar muy diferente al que debiera ocupar" (46). Puido pertencer orixinariamente á capela de San Miguel ou ben á de San Martiño (47) (fig. 20).

Na aba que corre pola súa base pódese ler, non sen dificultade (atrancos)...(RO) DRICO ESQ^o FILLO DE DIEGO ESQ^o (48). Este Rodrigo Esquíu era fillo de Diego Esquíu e pai doutro Diego Esquíu, o que se atopa enterrado en San Nicolás de Neda (49).

Como frontal figura unha mesa de altar aproveitada para compoñelo actual conxunto (50). Está decorada nos laterais e na súa parte superior con cuadrifolias.

A figura sepulcral de bulto representa a un xacente armado (51). Dispónse orientándose, como é dado neste tipo de figuración, cos pés cara ó Oriente (52). Portado con arnés completo, apoia a súa man esquerda sobre do ventre e a dereita sobre da espada que repousa sobre da perna desta mesma banda. Repousa sobre dun pano figurado unicamente na cara externa, cun pregado moi sinxelo. Cabeza e tronco acougan sobre dúas almofadas superpostas - a inferior de maior tamaño - decoradas con motivos xeométricos. Os pés puntiagudos pousan sobre do lombo dun cuadrípedo identificado pola maioría dos autores como un can (53). Eu son dado a consideralo como un xabarín - fuciño partido - que pode aludir á relación Esquíu - Andrade (54). Dous anxos axeonllados lendo un libro flanquean a cabeceira, o da dereita do cabaleiro, máis estragado. Trátase da representación do "angelus bonus" moi dada na escultura funeraria galega (55). Leva no costado dereito o puñal da misericordia. Cobre a súa cabeza cun capur e o seu colo cun gorxal, protexe o tronco cunha loriga e as pernas con coxas e grevas. As mans enfundadas en manoplas sen articulación nos cotobelos, descansan sobre do ventre e da espada.

M. Núñez na clasificación que fai da escultura galega do cabaleiro no século XIV e XV incluíu esta de Rodrigo Esquíu no que el denomina "segundo grupo", caracterizado pola xeneralización do emprego do metal no arnés do cabaleiro, composto a base de grandes pezas que se adaptan a anatomía. Protexense de maneira prioritaria os puntos máis sensibles e así se potencia o emprego do "halecrot" ou corselete de dúas láminas a modo de coiraza, e o gorxal para o colo. A espada de vaina é máis longa e co fío máis agudo e o puñal de gracia

vai no costado (56).

O conxunto está ó abeiro dun arco apuntado adornado con decoración vexetal - follas carnosas - de tipo mateano. Nos salmeres atópanse esculpidas á esquerda a representación dunha figura humana - ¿vestida de escudeiro?- que alancea un animal, posiblemente un dragón (recoñécese a boca aberta e a cola retorta) e á dereita, a imaxe dun eclesiástico en actitude de benzoar e con báculo en voluta. Pode que fosen as representacións de San Miguel e de San Martiño respectivamente (57). Quizais sexa este arco o único elemento que pertenza ó van orixinal (58). Sobre da súa pedra clave foi colocada unha coroa documentada tamén na fachada da cas rectoral (59).

R. Sánchez Ameijeiras estudou os contactos entre os obradoiros itinerantes e estableceu unha relación entre San Martiño de Xuvia e San Nicolás de Neda co obradoiro de Monfero, partindo dunha orixe común, a solución do cabaleiro xacente importada de Portugal por Fernán Pérez de Andrade. A citada autora data o sepulcro de Xuvia entre 1430-1450 (60).

Atencio

- 1 - J.M. Pita Andrade, "Notas sobre el Románico popular en Galicia", CEG, 1969, páx. 71.
- 2 - Pita Andrade "La iglesi románica de San Martín de Jubia", CEG, 1944, páx.232.
- 3 - Bango Torviso, ob. cit., páxs. 38 e 39, na clasificación que fai dos capiteis pontevedreses sinala como tipo máis adoitado aquel que mantén o esquema do capitel corintio, cunha serie de variantes. Unha delas, no que toca ós historiados, caracterízase por manter caulículos e, ás veces, os muñóns sobre do tema representado.
- 4 - Salmo 57, versículos 1-7.
Sobre do tema de Sansón desfacendo en pequenos anacos ó león véxase de J. R. Fernández Oxea, "El tímpano de San Miguel do Monte", AEA, T. XVII, 1944, páxs. 383 - 389; "Pelagio, maestro románico", AEAA, T. XII, 1936, páxs. 171-176; "Santa María de Taboada dos Freires", BCMO, 1945, T. XV, fasc. 1, xaneiro - xuño, páxs. 16-25; "La iglesia de Santiago de Taboada y su tímpano con la lucha de Sansón y el león", C, 1965, vol. 10, nº 2, páxs 7-23; M. A. García Guinea, El arte románico en Palencia, Palencia, 1961 e M. Ruiz Maldonado, "Un nuevo ejemplo de Caballero Vicorioso en relación con el ciclo Davídico", BSAA, 1983, nº LIX, páxs. 457 e ss., entre outros.
- 5 - García Guinea, ob. cit., páx. 161
- 6 - García Guinea, ob. cit., páx. 217.
- 7 - García Guinea, ob. cit., páx. 252.
- 8 - M. Chamoso Lamas, V. González e B. Regal, "Galicia", vol. 2 de La España Románica, Ed. Encuentro, 1973, fig. 67.
- 9 - Ibidem, fig. 14.
- 10 - Bango Torviso, ob. cit., páx. 39 fálanos do "Capitel de hojas abastoadas" que pode corresponderse co terceiro cuarto de século XII. Vémosto en Bemvibre, Moaña, Portás, Bayón e Piñeiro.
- 11 - Valle Pérez, La arquitectura cisterciense en Galicia, T. 2, páx. 15. Véxase do mesmo autor, Monasterios cistercienses en Galicia, Bibliófilos Gallegos, Colec. Obradoiro, VII, MCMLIV.
- 12 - Bango Torviso, ob. cit., páx. 39. Este tipo de capiteis, con ausencia de muñóns e calículos, lévaos a fins do século XII.
- 13 - Véxase F. García Romo, "Metamorfosis de la escultura románica", G., 1961, páxs. 18-23 e, sobre todo, M. Schapiro, Estudios sobre Románico, Alianza Forma, Madrid 1984, páxs. 13-26.
- 14 - Bango Torviso, ob. cit., páx. 52.
- 15 - Ibidem. O tipo completo aparece plenamente conseguido no beiril das Praterías : tellas con perfil en caveto con sofito e metopas decoradas con florón enfiados en círculo e canzorros en curva de nacela historiados ou vexetais.

- 16 - Pita Andrade, "Observaciones sobre la decoración vegetal en el Románico", Ab. 1, 1969, páx. 104. Xuvia é un deses exemplos nos que se ve a evolución dunha forma xeométrica, as puntas de diamante, a unha naturalista o cuadri-folio. Desvirtúase a forma piramidal e remata converténdose nun motivo floral. Sobre do motivo das puntas de diamante véxase do mesmo autor, "Observaciones sobre la decoración geométrica en el Románico de Galicia", CEG, 1963, T. XVIII.
- 17 - Dubidei sobre de se este animal era un porco, dada a escasez de representacións que atopei con este motivo. Mesmo Bango Torviso, na súa enumeración do bestiario pontevedrés nin o menciona. Malia iso manteño a miña opinión sobre da identidade deste animal pola forma do fuciño e das pezuñas.
- 18 - R. Yzquierdo Perrin, "La iglesia románica de Santa Salomé en Compostela", BUC, 1967 - 68, nº 75-76, páxs. 385 e ss.. O canzorro nº 10 da fachada de Salomé contando de esquerda a dereita, representa, en palabras do citado autor, "un monstruo que devora o sostiene en su boca un contorsionista.
- 19 - Non é un tema adoitado en Galicia, inda que Bango Torviso recolle a representación do tímpano da igrexa de Crecente, onde aparece unha figuraña que leva un báculo na súa man esquerda (ob. cit., páx 64). Na portada de Santa Fe de Conques figúrase un abade simoníaco.
- 20 - Vémolos nos canzorros de San Pedro de Ansenil, Nogueira, Santa María do Sar, ... neste último caso, a figura é unha muller que aparece cun libro aberto nas mans.
- 21 - Son poucos os canzorros nos que se realizan traballos agrícolas o polo menos estes son descoñecidos para mín.
- 22 - Non se me ocorre a cal pode representar mais recorda a figuración dos crótalos ou chinchíns (axóuxeres).
Cunha econografía semellante a este canzorro de Xuvia - con barba as pernas cruzadas e tocado de gorro - móstrase, no Pórtico de Moissac, o músico nº 10 contando de esquerda a dereita.
Sobre da música e instrumentos medievais, véxase J. López Calo, La música medieval en Galicia, La Coruña, 1982 e El Pórtico de la gloria : sus instrumentos musicais, centenario da catedral de Santiago de Compostela, IX, 1967, páxs. 163-206.
- 23 - Ibidem. A postura das pernas cruzadas vémolos no David das Praterías e nun canzorro de Santiago de Bembrive, entre outros. Máis coñecidos, dende logo, son algúns dos ancians do Pórtico da Gloria.
- 24 - Pode verse, M. Bajtin, La cultura popular en la Edad Media y el Renacimiento. El contexto de François Rabelais, Barcelona 1974.
- 25 - L. Torres Balbas, "Los modillones de lóbulos", AEAA, 1936, nº 35, páxs.

113 - 150.

- 26 - Vémolos en moitos dos beirís románicos galegos - Nogueira, Ouzande, Angouares - . Pode aparecer nunha postura semellante ou noutra parella, mais o seu corpo cáeseque sempre, un pulo exhibicionista. Nalgún caso, como o da bela contorsionista de Santa María de Sar, refléxase única e exclusivamente un exercicio ximnástico ou un momento da danza sen que se manifeste signo algún de candongueiría ou provocación.
- 27 - Pita Andrade, "La iglesia románica de San Martín de Jubia", CEG, 1944, páx. 234.
- 28 - Pódense ver varios debuxos de fídulas en El Pórtico de la Gloria : sus instrumentos musicales de J. López Calo.
- 29 - Os vicios máis representados no mundo medieval era a avaricia e a luxuria que aparecían case que sempre, xuntas (véxase Schapiro, ob. cit., páxs. 49 e ss.)
- 30 - Sobre da representación deste vicio pode verse a ilustración do "infierno" do Beato de Silos.
- 31 - Pita Andrade, "La iglesia románica de San Martín de Jubia", páx. 234. Alude á presenza de asnos e un cabalo, como se se tratase de varios canzorros distintos. Penso que a única posible representación deses animais é este canzorro.
- 32 - Nun capitel da ábside lateral de Santa María de Sar aparece unha curuxa, entre follaxes, con dúas enormes linguas. Un caso parello a Xuvia - curuxa sen lingua - semella se-lo dun dos capiteis de Santa María de Bermún.
- 33 - Bango Torviso, ob. cit., páx. 70.
- 34 - Véxase M. I. Ruiz Montojo "Temática obscena en la iconografía del Románico rural", G ., nº 147, 1978, páxs. 136 e ss.
- 35 - Souto Vizoso, Sipnosis monográfica..., páxs. 21 e 32.
- 36 - Souto Vizoso, ob. cit., páx. 21. Para a confección do actual conxunto en tempos do párroco D. Manuel Porta González cumpríu reenchelos ocos laterais que quedaban entre o frontal e o muro cun labor de cimentación.
- 37 - Deixo constancia do meu agradecemento a Manuel Antonio García Lamas que me deu a coñecer-la existencia dun documento manuscrito alusivo a unha peritaxe ocorrida en "la feligresía de San Martín de Jubia", que se atopa no Arquivo Histórico do Reino de Galicia (A Coruña). Sección XII (Varios). Libros de Monasterios - San Martín de Jubia - nº 270, (ano 1785) folios 269 recto a 270 verso.
Este documento refiríndose á capela de San Miguel di: "Y dentro de / ella reconocieron, que en su primitiva orixen ha te / nido quatro nichos, o enterrros Ynbutidos e introducidos los dos de / ellos en el grueso de la Pared de la misma Capilla / y parte del Norte, los que se perciben tapeados de po

/ cos meses a esta parte, y los otros dos en la pared me/dianil de la Capilla e Iglesia, Monasterial y Parro / quial, que oy parte de su situación se alla ocupado con el Claro de una puerta que desde dicha Yglesia da entrada a la Capilla ..."

- 38 - Saralegui, San Martín de Jubia, 1898, páx. 21, identifícao co Conde Osorio, inda que na edición de 1899 semella darse de conta do seu erro e escribe: "El escudo que se conserva sobre la puerta del antiguo convento, hoy casa rectoral ... no pertence en manera alguna a los Osorios, cuyas armas, según Castellé Ferrer son dos lobos rojos en campo dorado con unas ondas al pie de ellos.
- 39 - J. S. Crespo del Pozo, na súa obra Blasones y Linajes en Galicia, ed. La Gran Enciclopedia Vasca. Publicaciones del Monasterio de San Juan de Poyo, T. 1 (1982) recolle o escudo dos Mandiá, composto dun cánido baixo dun feixe de bastos (ou tres espadas sen punta)
- 40 - Sarmiento, Viaje a Galicia 1754 - 1755, CEG, Anexo 111. Santiago 1950, páx. 65; Chamoso Lamas, Escultura funeraria en Galicia, páx. 453.
- 41 - M. Rodríguez Núñez, La idea de inmortalidad en la escultura funeraria. La imaginería funeraria del caballero (XIV - XV). Diputación provincial de Ourense, 1985, páx. 142. Souto na súa Sinopsis Monográfica ... páx. 73 alude a dous osos apoiados nunha aciñeira inda que tamén apunta a que podan ser un oso e un xabarín.
- 42 - M. A. García Lamas. La ordenación del actual conjunto funerario de Rodrigo Esquíu en la iglesia de San Martín do Couto. Concepción Arenal, decembro 1987, nº 18, páx. 68 e 69.
- Nunha comunicación oral manifestoume a súa opinión sobre da posible relación da palabra galega "Esquíu" e a castelá "Ardilla".
- 43 - Saralegui, San Martín de Jubia 1898, nota 1, páx. 21.
- 44 - Souto Vizoso, Sinopsis Monográfica ..., páx. 40 identifica o escudo do actual conxunto funerario co que servía de tombal o nivel do pavimento na capela de San Miguel de D. Pedro Mourelle de Esquíu y Mandiá. García Lamas, ob. cit., páx. 66, non coincide con esta opinión.
- 45 - M. Núñez Rodríguez. La idea de inmortalidad ..., páx. 142
- 46 - Saralegui, San Martín de Jubia, 1898, páx. 23.
- 47 - Baséome para isto nos artigos de Saralegui quen no 1898 menciona en San Martiño tres enterramentos, aludindo a un deles como a un personaxe da familia Esquíu (transcribe a inscrición na páxina 23) " pudiendo muy bien referirse, por lo tanto, si no precisamente al mismo Gonzalo Esquíu que hizo y fundó la capilla de San Miguel del convento ... a algún otro de la propia familia y su apellido ".

Confrontando esta información e a do documento do Arquivo Histórico do Reino de Galicia, citado anteriormente, podemos sospeita-la existencia, como mínimo de sete sepulcros entre á capela de San Miguel e a igrexa de San Martiño.

- 48 - A inscrición recóllela Saralegui, San Martín de Jubia, 1898 e 1899. Chamoso Lamas, Escultura funeraria en Galicia, e Manuel Núñez, La idea de la inmortalidad...
- 49 - A inscrición recóllea Nuñez, La idea de la inmortalidad ..., páx. 142.
- 50 - Souto, Sinopsis monográfica..., páx. 40 confunde a cun sartego ou leito. Un leito forma parte dun lavadeiro ou pía que se encontra na parte posterior da igrexa.
- 51 - Verbo disto pode consultarse de R. Sánchez Ameijeiras, El yacente armado en Galicia (1350 - 1450). Tese de Licenciatura, Santiago 1985.
- 52 - M. Núñez Rodríguez, La idea de la inmortalidad ..., páx. 157
- 53 - Recóllelo así, Saralegui, San Martín de Jubia, 1898, páx. 23 e Chamoso Lamas, Escultura funeraria en Galicia, páx. 453.
- 54 - Souto, Sinopsis monográfica ..., páx. 72 alude á representación dun xabarín ou un oso ós que sinala como totems da casa de Andrade. Resúltame difícil recoñecer a este último animal.
- 55 - M. Núñez Rodríguez, La idea de inmortalidad ..., páx. 65 e ss..
- 56 - M. Núñez Rodríguez, ob. cit., páx. 75. Cita tamén como pertencentes a este "segundo grupo" as imáxenes xacentes de Fernando Corcido (Santo Domingo de Bonaval) de Diego Esquíu (San Nicolás de Neda), de Gonzalo Pérez de Vilouzás (San Francisco de Betanzos), de Juan Núñez de Pardo (San Francisco de Betanzos) e as dos irmáns Rodrigo Alonso de Saavedra e Pedro Fernández Bolaño (San Francisco de Lugo).
- 57 - M. A. Chamoso Lamas, ob. cit., páx. 68 recolle a tese de Sánchez Ameijeiras na ob. cit..
- 58 - M. A. Chamoso Lamas, ob. cit., páx. 68
- 59 - Souto Vizoso, Sinopsis Monográfica..., páx. 40.
- 60 - R. Sánchez Ameijeiras, Circulación de modelos y talleres itinerantes : el papel de los artistas y comitentes en la evolución tipológica de la escultura funeraria en la Galicia Medieval. Comunicación en Los Caminos y el arte. VI Congreso do C.E.H.A.. Santiago, xuño 1986.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro y cultura
Fundado en 1879
Rúa Nardalen 102-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

IV. CONCLUSIONS

A análise da arquitectura, estilo escultórico e decoración da igrexa de Xuvia, e dos datos relativos á súa historia, conduce ás seguintes conclusións :

- 1 - A acotación das campañas non parece supor un cambio substancial no proxecto orixinal, xa que dende o comezo deben estar presente un plan que se seguiu no fundamental, agás no relativo ó abovedamento, inda que este houbo que deixalo xa antes de que se completasen os alzados das partes máis antigas.
- 2 - A presenza ou ausencia de marcas de cantería indican tres momentos construtivos. O primeiro correspóndese coa zona das ábsides, caracterizada pola ausencia de signos lapidarios; o segundo afecta ós catro primeiros pilares, con grande abondosidade de marcas e, finalmente, un terceiro momento no que incluímo-los catro últimos pilares, caracterizado tamén pola ausencia de signos.
- 3 - A decoración arquitectónica, polo que toca á das basas, semella corroborar esta distinción de campañas, xa que xunto cunha diminución de altura nas dos últimos tramos dáse unha case total ausencia decorativa, agás unhas simples bólas ou poutas.
- 4 - A análise da escultura leva a resultados converxentes co visto na arquitectura. Na zona das ábsides, nos dous primeiros pilares da banda do Evanxelio e no primeiro da Epístola, atopamos un estilo decorativo de clara filiación compostelá, comparable ó das construcións máis influíntes en toda Galicia ata a aparición da arte de Mateo. As coincidencias sinaladas con San Martiño de Mondoñedo, restrínxense ás partes nas que este monumento se cinxe ós modelos composteláns. O segundo momento estaría representado por aquelas formas sobrias de tipo cisterciense - capiteis lisos, outros con entrelazo moi estilizado ou formas vexetais esquemáticas -. Un grupo particular constitúeno aqueles capiteis de follas festonadas que remesan a Santa María de Cambre.
- 5 - Para a cronoloxía do edificio contamos con datos epigráficos e documentais. Verbo destes últimos poderíamos establecer unha data fundacional en torno


á segunda ou terceira década do século XII, en relación coa presenza dunha arte vencellada co cruceiro da catedral compostelá, que se correspondería co inicio das obras na zona das ábsides. Seguiríalle un período intermedio de paralización das obras, quizais ata 1152, no que escomezarían de novo chegando ó 1161, pois por estas datas alúdese a reformas na fábrica de San Martiño. Quizais deste momento sexan os dous primeiros pilares da banda do Evanxelio e o primeiro da da Epístola. Mais as obras non semellan se rematar daquela, xa que, de novo, se conceden indulxencias, en 1190, ós que boten unha man nos traballos.

É posible que a conclusión de fábrica fora máis aló do 1200.


Tocante á lectura da inscrición, aínda aceptando a data máis temperá, non desvirtúa o que vimos de dicir, xa que se podería corresponder cos inicios da construción. Para o mosteiro foi esta a época de maior esplendor - cando tivo lugar a adhesión a Cluny - e é lóxico sospeitar que iso se traducise en empresas construtivas de importancia. Por estas datas "A Compostelana" alude á presenza de piratas normandos e sarracenos nas costas galegas norteñas, os efectos desta presenza vanse facer notar, especialmente, no 1115. A pegada disto quedou en San Julián de Moraime (San Xiao de Moraina) dado que por esta causa tivo que ser totalmente reconstruído - iníciáanse as obras en 1119 - e tamén en Xuvia. Souto Vizoso alude a isto e á conseguinte reconstrución levada a cabo, segundo el, no 1137.

V. PLANOS


B - SITUACION



b - DISTRIBUCIÓN IDEAL DA IGREXA, CLAUSTRO e LOCAIS ANEXOS




c - ALZADO




EACHADA PRINCIPAL

Ateneo Ferrolian
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
www.ateneoferrolian.org




SECCION B - B


b - DISTRIBUCIÓN IDEAL DA IGREXA, CLAUSTRO e LOCAIS ANEXOS



c - ALZADO




Fundado en 1879
en honor
FACHADA PRINCIPAL




SECCION A-A


d - MARCAS DE CANTERIA



e - CAPITEIS



f - CANZORROS



VI. FIGURAS



FIGURA 1 - Fachada. Torre e pórtico do século XVIII




FIGURA 2 - Muro setentrional



Ateneo Ferrolán
Unión de amigos para el patrimonio
Fundado en 1979



FIGURA 3 - Absides



FIGURA 4 - Canzorro da ábside do Evanxelio. Sinado co nº 2



FIGURA 5 - Canzorros da ábside do Evanxelio. Sinados cos nº 6 e 7



FIGURA 6 - Canzorros da ábside central. Tramo recto e hemiciclo.
Sinados cos nº 11,12,13,14,15 e 16




FIGURA 7 - Canzorros da ábside central. Hemiciclo.
Sinados cos nº 17 e 18



FIGURA 8 - Porta



Atenco Ferrolán

Un lugar de encuentro para a cultura

Fundado en 1877

Rúa do Hospital, 100 - Ferrol

988 00 00 00 - atenco@atenco.org




FIGURA 9 - Muro occidental. Ménsula




FIGURA 10 - Alzado interior




FIGURA 11 - Àbside central




FIGURA 12 - Basa




FIGURA 13 - Capitel historiado da ábside da Epístola. Asinado como K2.
Lado esquerdo da cesta



FIGURA 14 - Capitel historiado da ábside da Epístola. Asinado como K2.
Lado direito da cesta




FIGURA 15 - Capitel do primeiro pilar do lado da Epístola
Sinado como B2




FIGURA 16 - Capitel do segundo pilar do lado do Evangelio
Sinado como C2

Ateneo Ferrolán



FIGURA 17 - Capitel do segundo pilar do lado da Epístola
Sinado como B2




FIGURA 18 - Capitel do terceiro pilar do lado do Evangelio
Sinado como E3



FIGURA 19 - Escudo empotrado
na parede meridional



FIGURA 20 - Sepulcro gótico



Atenco Ferrolán
Colección de ensayos para analistas
Fundado en 1879
Rúa Mandiáqui, 212-201, Ferrol
www.atencoferrolan.org

VII. ABREVIATURAS

PUBLICACIONES PERIÓDICAS CITADAS ABREVIADAMENTE

Abr	Abrente
AE	Arte Española
AEA	Arquivo Español da Arte
AEAA	Arquivo Español da Arte e Arqueoloxía
BCPMO	Boletín da Comisión Provincial de Monumentos de Ourense
BRAH	Boletín da Real Academia da Historia
BSAA	Boletín do Seminario de Arte e Arqueoloxía
BUC	Boletín Universitario Compostelán
C	Compostellanum
CEG	Cadernos de Estudos Galegos
G	Goya en 1879
GEC	Grande Enciclopedia Galega

Arte e Arqueoloxía
Un lugar de encontro para a cultura
Fu Goya en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol

